

14° INFORME
2024

O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DOS INDICADORES DE
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL DA AXENDA 2030 EN GALICIA



#EstadoDePobreza
#PobrezaGalicia

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social
www.pobreza.gal

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
EVOLUCIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL	7
INDICADOR AROPE	7
AROE POR SEXO	9
AROE POR IDADE.....	10
AROE POR TIPO DE FOGAR	11
AROE POR HÁBITAT	11
AROE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS	12
COMPOÑENTES DA TAXA AROPE	14
RISCO DE POBREZA.....	14
BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH).....	18
PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA (PMSS).....	20
POBREZA SEVERA	28
PENSIÓNS E POBREZA: FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS	31
POBREZA CON OUTROS LIMIARES	34
DESIGUALDADE E REPARTO DA RENDA	37
O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO	42
ACCESO Á VIVENDA E POBREZA	46
RESUMO EXECUTIVO	52

INTRODUCCIÓN

Este informe forma parte do XIV Informe “El Estado de la Pobreza en España 2024”¹ que vén de presentar a Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social do Estado Español (EAPN-España), da que EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza da Comunidade Autónoma de Galicia forma parte.

En base á información oficial da Enquisa de Condicións de Vida 2023² do Instituto Nacional de Estatística (INE), Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Eurostat e o Instituto Galego de Estatística (IGE), preténdese ofrecer unha avaliación do grao de cumprimento **dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030** asumidos no 2015 tanto a nivel estatal como polas diversas comunidades autónomas. En especial o primeiro (ODS 1): “Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións con arranxo ás definicións nacionais”³.

Especificamente, pretende avanzar no cumprimento da **Meta 11 do Plan Estratéxico Galicia 2022-2030**, no que se establece o compromiso de que no 2030 “Reducirase a taxa de risco de pobreza ou exclusión social ata o 14%, o que suporía unha diminución de polo menos 150.000 no número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social”.

Este XIV Informe amosa os cambios rexistrados no número de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social mediante o estudo do indicador AROPE e as súas compoñentes utilizando unha perspectiva temporal na que as variables se estudan no momento actual e en determinadas datas de referencia: o ano anterior, para avaliar a evolución recente; 2015, para avaliar o cumprimento das metas da Axenda 2030 e, nalgúns casos 2008, para continuar a observación da serie histórica.

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ao **indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE)**. Este indicador, establecido para toda a Unión Europea, resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:

1. Risco de Pobreza. Ter uns ingresos inferiores ao chamado limiar da pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo)⁴. A mediana de ingresos por unidade de consumo da poboación en 2023 é de 18.316€. Por tanto, supuxo ingresar menos de 10.989,6 € ao ano (915,8 € € ao mes) nun fogar dunha persoa, ou menos de 23.078,2 € ao ano (1.923,2 € ao mes) nun fogar con dous adultos e dous menores.

Están en **risco de pobreza severa** todas aquelas persoas que viven en fogares cuxos ingresos por unidade de consumo sexan inferiores ao 40% da mediana da renda, é dicir, todas aquelas persoas que viven en fogares con ingresos inferiores a

¹ <https://www.eapn.es/estadodepobreza/descargas.php>

² Encuesta de condiciones de vida. Resultados 2023: <https://www.ine.es/dyngs/Prensa/ECV2023.htm>

³ <http://eapn-galicia.com/reducir-a-pobreza-de-galicia-a-metade-no-2030/>

⁴ En todo o informe utilízase o limiar estatal de pobreza e non os limiares de cada CCAA. Aínda que o uso de limiares rexionais é axeitado para realizar políticas e accións autonómicas contra a pobreza ao ter en conta os ingresos da poboación máis próxima, unha análise detallada da pobreza en España obriga a considerar que deberíamos estar ante un Estado cunha lexislación común, que negocia e asume responsabilidades de xeito solidario ante instancias supranacionais e para o que -se supón- a cohesión interterritorial como un dos seus valores.

7.326,4 € ao ano (610,5 € ao mes) nun fogar dunha persoa ou 15.385,4 € ao ano (1.282,1 € ao mes) nun fogar de dous adultos e dúas nenas ou nenos.

2. Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH). A intensidade laboral mide a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar. O indicador comprende ás persoas de 0 a 64 anos que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 20% (agás persoas estudantes de 18 a 24 anos, xubiladas ou retiradas).

3. Privación ou carencia material e social severa (PMSS). Coa fin de adaptarse mellor aos requirimentos da Axenda 2030, tal e como se indicou no anterior informe o antigo indicador de **Privación Material Severa modificou a súa metodoloxía de construción e pasou a denominarse Privación Material e Social Severa**. Os cambios resúmense en que se amplían os seus ítems de 9 a 13 e o limiar para que unha persoa se considere en PMSS increméntase desde a incapacidade para consumir 4 dos 9 elementos anteriores, a 7 dos 13 actuais.

- Atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal ou compras a prazos nos últimos 12 meses.
- Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
- Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non pode permitirse unha comida de carne, peixe ou o seu equivalente vexetariano cada dous días.
- Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (de 800 € este último ano)
- Non pode permitirse dispor dun automóbil.
- + Non pode substituír mobles estragados ou vellos.
- + Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova.
- + Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións .
- + Non pode permitirse reunirse con amigos e/ou familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- + Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer (deportes, cine, etc.)
- + Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de cartos en si mesmo cada semana.
- + Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar.

É necesario lembrar **algunhas precisións metodolóxicas**. En primeiro lugar, respecto á información recollida na Enquisa de Condicións de Vida (ECV), debe recordarse especificamente que os datos da renda dos fogares refírense ao ano anterior da enquisa, polo que todos os indicadores derivados dos ingresos das persoas refírense ao 2022.

Neste contexto os indicadores de pobreza e desigualdade do informe recollen os resultados do **impacto das crises enerxéticas** derivadas da guerra de Ucraína, e o agravamento pola **crecente inflación**.

Por outro lado, os indicadores de **carencia material e de vivenda corresponden ao 2023** e, polo tanto, si que incorporan os efectos e reflexan a **perda na calidade de**

vida que se produciu ese ano. O problema dos distintos períodos de referencia é unha das causas polas que poden observarse certas posibles incongruencias ou resultados contraintuitivos nalgúns indicadores.

En segundo lugar, cabe destacar o **aspecto positivo do aumento da mostra da Enquisa de Condicións de Vida para 2023.** A mostra incrementouse en 2.914 fogares en todo o estado, o que permite obter información de máis de 7.000 individuos novos, co que se totaliza unha mostra de 67.242 persoas. No caso de **Galicia, hai unha mostra total de 3.598 persoas,** 321 persoas máis que o ano anterior (3.286). En calquera caso, debe terse en conta, que o incremento non foi proporcional para todas as rexións e que, polo tanto, algunhas análises segmentadas que se mostran, tales como as baseadas en idade, sexo, hábitat e outros, deben ser tomados con certa precaución e considerados máis ben como tendencias xerais e non como valores absolutos.


Os resultados do informe mostran o evidente **impacto da elevada inflación e a suba dos prezos da enerxía e bens de primeira necesidade,** como especialmente a influencia das **enormes dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible,** unha cuestión que desenvolvemos no '*VIII Informe situación 2024: Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia*', que publicamos este ano.

Cómpre salientar que este informe segue a tendencia dos anteriores e tenta ser enriquecido con outras fontes de información estatística para axudar a achegarnos a comprender e validar algúns datos, como a facilitada polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Neste senso, compre salientar a necesidade de enriquecer o informe con novas fontes de información estatística que permiten acercarse moito mais á situación en cada municipio e dentro do mesmo, como o Mapa de Cohesión Social presentado polo Eixo Atlántico, que conta cunha radiografía con 69 indicadores de municipios de Galicia e Norte de Portugal⁵ ou especialmente o **Atlas de distribución de renda de los hogares" do INE**⁶, con información detallada de datos de desigualdade ou pobreza a nivel de barrio ou sección censal de todos os concellos galegos. Uns recursos moi útiles pero pouco utilizados, que permiten obter información moi precisa a pequena escala e, con elo, elaborar políticas públicas atendendo as necesidades de municipios e barrios.

⁵ <https://lnkd.in/dar2CCYM>

⁶ <https://tinyurl.com/2gvqtpf8>



Como se di anteriormente, a maioría da información na que se soporta este informe provén dos datos de Galicia da Enquisa de Condicións de Vida (ECV) do INE. A ampliación do número de enquisas permite un maior detalle e obter novas conclusións relevantes para a mellora das políticas sociais na nosa comunidade.


Pero por esta razón cremos imprescindible a necesidade de **avanzar na calidade e detalle dos datos** para analizar e afondar noutras variables que si aparecen no informe estatal: pobreza e discapacidade, xénero, idade, familias monoparentais, poboación migrante, niveis de formación, calidade emprego, etc.

Ben dende o financiamento da ECV do INE para unha ampliación do tamaño da mostra en Galicia que proporcione máis información, asegurar que o Instituto Galego de Estatística amplíe, axilice e mellora esta información e, de xeito compatible e homoxénea, a publicada polo INE, ou continuar co proceso de facilitar a implicación e posibilidades de investigación de expertas e expertos das universidades galegas en colaboración coas entidades do Terceiro Sector de Acción Social.

EVOLUCIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

INDICADOR AROPE

O 25,5% da poboación de Galicia estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2023, a porcentaxe máis alta dende o 2015 cando se aprobaran os obxectivos de redución de pobreza da Axenda 2030. Esta cifra é un punto inferior á media nacional e, en termos comparativos cos datos rexistrados o ano anterior, aumenta en 1,9 puntos. En liñas xerais, este aumento supera o experimentado en termos estatais, que tivo un incremento de 0,5 puntos.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Estes datos indican un empeoramento dos datos AROPE na comunidade autónoma galega. En concreto nos indicadores de risco de pobreza e de Carencia Material e Social aínda a pesares da notable redución do indicador de Baixa Intensidade laboral.

En termos absolutos, algo menos de 690.000 **persoas residentes en Galicia estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2023: 50.000 máis que o ano anterior.**

En comparación co ano 2015, que é o designado para a avaliación da Axenda 2030, a poboación en risco de pobreza e exclusión social en Galicia aumentou en 0,6 puntos porcentuais, mentres que a nivel estatal se reduciu en 2,2 puntos no mesmo período.


Ao longo dos anos, **Galicia mantivo unhas condicións de vida superiores ás do conxunto do territorio nacional na maioría dos indicadores.** Pero, malia o positivo dos datos recollidos nos últimos anos, os rexistros correspondentes ao 2023 supoñen un cambio: mentres que a nivel estatal se aprecia certa estabilidade, na nosa comunidade aumenta o risco de pobreza, en parte por un aumento das rendas medias galegas menor ao producido a nivel nacional.

No 2023, a taxa AROPE reduciuse en 7 comunidades autónomas e creceu en 10. **Galicia é a undécima comunidade autónoma con menor poboación en risco de pobreza e/ou exclusión** e a terceira do estado na que máis aumentou esta taxa respecto ao ano pasado, o que a sitúa nunha posición intermedia con respecto ao resto de rexións.

Nos últimos informes destacábase que a mellora dos datos correspondíase principalmente co período de medidas contra a pobreza e a exclusión postas en marcha polas diferentes administracións a partires da pandemia.

Como se demostrará posteriormente no apartado da medición das transferencias sociais, semella que **dende o 2023 se retardou notablemente o impacto das medidas contra a pobreza** do chamado 'Escudo Social' que puxeron en marcha dende o goberno central (como os ERTE, Ingreso Mínimo Vital), Xunta de Galicia (non paralización da RISGA, Tarxeta Básica) ou gran parte dos concellos. Un retardo que non poido ser compensado polo sobreesforzo das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social galego.

Visto este impacto positivo das medidas implantadas e a lentitude da redución da taxa AROPE de risco de pobreza ou exclusión social, para acadar o compromiso do Plan Estratéxico Galicia 2022-2030 de reducir no 2030 ao 14% a taxa de risco de pobreza ou exclusión social, é imprescindible potenciar en todas as administracións as medidas e orzamentos en materia de dereitos e políticas sociais, vivenda ou acceso ao emprego.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Pese a que en Galicia a situación tiña experimentado unha tímida mellora respecto ao 2015, tal e como se presenta no gráfico anterior, mantense lonxe do cumprimento do acordado na Axenda 2030, para a cal, no 2023, tería que haber cerca de 190.000 persoas menos en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social. Esta desviación non pode achacarse exclusivamente á pandemia, xa que, como se aprecia no gráfico, en 2018 xa se deixou de seguir a senda do comprometido.


Compre destacar ademais, algunha información sobre as taxas AROPE doutros grupos, que por razóns de tamaño da mostra non é posible recoller a nivel autonómico, pero que si recolle o Informe sobre o Estado da Pobreza publicado por EAPN-ES a nivel estatal, como é o caso das persoas con discapacidade, que soportan un risco de pobreza e/ou exclusión moito máis elevada que aquelas que non a teñen. De feito, en 2023, **o 31% das persoas con discapacidade, é dicir, máis dunha de cada tres, está en risco de pobreza e/ou exclusión.**

AROPE POR SEXO

Se realizamos unha análise por sexo detectamos que ao longo de toda a serie histórica **a taxa AROPE das mulleres é superior á dos homes.**

Esta diferenza agravouse no 2023. Das case 690.000 persoas que no 2023 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, preto de **305.000 eran homes (17.350 máis que no ano anterior) e pouco máis de 384.000 mulleres (con 35.336 máis nesta situación en comparación cos datos do ano anterior).**

Galicia: AROPE por sexo



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

No caso de Galicia, o **indicador AROPE aumenta en ambos os dous grupos pero moito máis nas mulleres (27,4%)** que crece 2,4 puntos no último ano, mentres que a dos homes o fai 1,3 puntos ata o 23,5%.

Con estas variacións, a fenda de xénero agrándase respecto a 2022 (pasando de 2,8 puntos a 3,9); polo que, en liña co que viñamos identificando nos anos anteriores, segue a agudizarse a **feminización da pobreza**. Os valores porcentuais e absolutos poden consultarse na táboa posterior.

Esta feminización da pobreza é seguramente superior, posto que a Enquisa de Condicións de Vida do INE ten limitacións na análise por sexo ao asignar a mesma situación de pobreza e vulnerabilidade a todos os membros de cada fogar. Posto que a gran maioría dos fogares están compostos por familias nucleares, **as diferenzas medidas por sexo só se producen a causa da diferente situación dos fogares compostos maioritariamente por mulleres, tales como os monoparentais (cunha taxa AROPE no conxunto do estado do 52,7 %)**⁷ ou os das mulleres maiores soas.

O feito de que as diferenzas reais non queden reflectidas nestes datos é consecuencia, entón, dun deseño metodolóxico con obxectivos específicos e non significa que non exista, tal e como demostra, por exemplo, a análise das diferenzas de xénero na EPA (Encuesta de Población Activa).

⁷ 'Estado de la pobreza en España 2024' EAPN-ES:

https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2024_primera_parte.pdf

Indicador AROPE (Ax. 2030) poboación galega por sexo

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Pob. Total	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645	2.690.464	2.699.424
Homes	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301	1.294.708	1.299.064
Mulleres	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344	1.395.756	1.400.360
% AROPE	24,9%	25,3%	23,0%	24,1%	24,2%	25,3%	25,2%	23,6%	25,5%
% Homes	24,3%	24,8%	20,8%	22,5%	24,1%	24,9%	24,0%	22,2%	23,5%
% Mulleres	25,5%	25,9%	25,0%	25,7%	24,4%	25,6%	26,3%	25,0%	27,4%
Total AROPE	680.630	688.848	622.467	652.201	654.579	682.671	678.409	635.979	688.640
Homes	319.929	324.780	271.958	292.446	313.355	323.438	311.317	287.421	304.771
Mulleres	360.784	364.157	350.725	359.915	341.237	359.270	367.201	348.685	384.021

Nota: destácanse os valores máis altos ao longo da serie
Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV


AROPE POR IDADE

Respecto á taxa AROPE por idade, en toda a serie, excepto en 2018, as persoas maiores de 65 anos están por baixo do resto. Para o 2023, **as cifras máis elevadas corresponden aos nenos, nenas e adolescentes (NNA), cuxa taxa alcanza o 28,2%.**

Tras a confluencia que se deu o ano anterior entre os valores da taxa AROPE dos tres grupos de idade, no 2023 este indicador aumenta para todos, aínda que en distinta medida. A máis elevada, tal e como adiantamos, segue sendo a do grupo de menores de 18 anos, que ademais é a que máis aumenta (+3,5 puntos); seguida da das persoas de 18 a 64 anos (25,3%) que crece 1,7 puntos; mentres que a máis baixa segue sendo a do grupo de 65 ou máis anos (24,5%), aínda que tamén aumenta un 1,4%.⁸

As veces, o grupo de persoas maiores adoita manter uns datos e unha evolución diferentes ás do resto dos grupos de idade, causada fundamentalmente polos seus ingresos fixos e, en gran parte, independentes da conxuntura económica.


Neste caso, co empeoramento dos datos en todos os grupos de idade, hai que tomar o dato de maiores de 65 anos con precaución, posto que está influenciado en parte, por un efecto estatístico, o aumento do limiar da pobreza adoita incrementar lixeiramente a taxa AROPE das persoas de 65 anos ou máis.



⁸ O tamaño da mostra non permite unha maior segmentación por idade, os resultados con esta mostra presentan un erro de mostraxe alto. Debido a isto, non utilizamos datos máis segmentados por idade.

AROE POR TIPO DE FOGAR

Por outra banda, como xa se mostrou en anteriores informes, aquelas persoas que viven en fogares con menores economicamente dependentes rexistran taxas moito máis elevadas que o resto para os principais indicadores de pobreza e vulnerabilidade. Como se pode ver no seguinte gráfico, agás en 2018, **a taxa AROPE para persoas que viven en fogares nos que hai menores en Galicia é sempre superior aos que non os teñen. Esta situación agravouse no 2023.**



Así, en 2023 o 27,1% das persoas en fogares con menores está en AROPE (2,7 puntos máis que en 2022), fronte ao 24,3% que vive sen menores (1,4 puntos máis que no ano anterior). Do que se deduce que, ter fillos, é un factor de empobrecemento para as familias.

Aínda que so dispomos do dato a nivel estatal, un ano máis debe destacase **a situación das persoas residentes en fogares monoparentais (máis do 80% encabezados por mulleres), que é do 52,7%**, un dato máis elevado que o do ano 2022 (49,2%). Esta cifra supón un incremento de 3,5 puntos respecto ao ano anterior e **afecta ao incremento da pobreza infantil e tamén ao incremento da pobreza en fogares con menores.**

AROE POR HÁBITAT


Respecto á comparación por hábitat ⁹, ao longo de toda a serie histórica, como sucede en 2023, **detéctase unha maior incidencia do indicador AROPE nas zonas rurais (26,7%) que nas urbanas (25%).** Dende 2018, a taxa AROPE cruzada por hábitat tendeu a igualarse nas dúas categorías territoriais nas que se divide, ata chegar a converxer en torno ao 25% no 2021, tal e como testemuña o gráfico inferior.

O aumento da taxa AROPE que se produce este ano en Galicia é maior nas zonas rurais (+2,5 puntos) que nas urbanas (+1,6 puntos).

⁹ Utilízase a variable "Grao de urbanización" da ECV. A variable designa o grao de urbanización da zona á que pertence o fogar da persoa enquisada segundo tres niveis diferentes:

- 1) Área densamente poboada: polo menos o 50% da poboación vive en celas de cuadrícula contiguas de 1 km² cunha densidade igual ou superior a 1.500 persoas por km² e un mínimo de 50.000 habitantes.
- 2) Área de densidade intermedia: grupos de celas de cuadrícula contiguas de 1 km² cunha densidade igual ou superior a 300 persoas por km² e unha poboación mínima de 5.000 habitantes.
- 3) Área escasamente poboada: máis de 50% da poboación vive en celas de cuadrícula rurais, fora dos grupos urbanos.


Indicador AROPE (Ax.2030) en Galicia por hábitat



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

AROPE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Indicador AROPE (Ax. 2030) por CCAA



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Galicia mantense nunha posición media sobre o conxunto de comunidades autónomas,


aínda que empeora a súa distancia coa media nacional. Se comparamos os datos co ano anterior, Asturias mellora a súa posición con respecto a Galicia, pasando dunha taxa do 25,3% ao 25%.

A nivel comparativo, se atendemos á evolución da tendencia entre os datos recollidos en 2023 e as primeiras cifras de referencia, a galega é unha das nove rexións nas que se identifica un aumento da taxa AROPE, pasando dun 24,9% no ano 2015 ao 25,5% actual (0,6 puntos máis).

En calquera caso, se ben é certo que o resto de comunidades autónomas melloran os seus datos, e que a taxa AROPE a nivel nacional está 2,2 puntos por debaixo da rexistrada no ano 2015, a situación segue a ser preocupante. En termos absolutos, 12,7 millóns de persoas permanecen en toda España en risco de pobreza e/ou exclusión social no ano 2023, o que supón un aumento de case 400.000 persoas dende o 2022.¹⁰

¹⁰ Informe AROPE 2024 de EAPN-ES: <https://tinyurl.com/2b8puf6l>

Comparativa indicador AROPE (Ax.2030) entre CCAA 2022-2023



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Atendendo xa á comparativa dos datos respecto ao ano pasado, en xeral as Comunidades Autónomas viron incrementada a súa taxa AROPE. Non obstante, non todas o fixeron na mesma medida, aínda que Galicia se atopa entre as catro Comunidades nas que máis se incrementou (1,9 puntos máis respecto do valor do ano anterior), estando en primeiro lugar Navarra, (con 2,7 puntos máis), seguidos por Cantabria e a Comunidade Valenciana, con 2,5 puntos e 2,1 puntos de incremento, respectivamente.

COMPOÑENTES DA TAXA AROPE

A taxa AROPE é un indicador composto pola suma de tres subindicadores que representan a tres conxuntos da poboación: persoas en risco de pobreza, persoas con privación material e social severa e persoas en fogares con baixa intensidade no Emprego. A cada un deles dedícaselles un apartado específico neste capítulo.

Dos tres subindicadores que compoñen a taxa AROPE, só a taxa BITH rexistra unha tendencia positiva cunha redución de 2 puntos con respecto ao ano anterior, mentres que a taxa de risco de pobreza rexistrou un aumento de 1,4 puntos e a Privación Material e Social Severa aumentou en case 2 puntos.

Con respecto a 2015 a PMSS rexistrou un incremento de 4,3 puntos (case o triplo da variación rexistrada a nivel estatal), mentres que a taxa de risco de pobreza se mantivo en 19,4 puntos. Dos tres compoñentes da taxa AROPE, só a taxa BITH rexistra unha tendencia positiva, cunha redución de 6,2 puntos.

Evolución risco de pobreza ou exclusión social (ARPE)				
	2020	2021	2022	2023
Total Nacional				
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE)	27,0	27,8	26,0	26,5
En risco de pobreza de pobreza (renda ano anterior á entrevista)	21,0	21,7	20,4	20,2
Con carencia material e social severa	8,5	8,3	7,7	9,0
Vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (de 0 a 64 anos)	10,0	11,6	8,7	8,4
Galicia				
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE)	25,3	25,2	23,6	25,5
En risco de pobreza de pobreza (renda ano anterior á entrevista)	22,1	20,2	18,0	19,4
Con carencia material e social severa	3,2	6,2	6,3	8,2
Vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (de 0 a 64 anos)	8,7	10,2	9,5	7,5

Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV


RISCO DE POBREZA

Tras dous anos de diminución, **a taxa de pobreza galega cambia de tendencia respecto ao ano 2021 e 2022 e aumenta en 2023, pasando a ser do 19,4%.** En termos absolutos, para 2023 en Galicia había máis de **520.000 persoas en pobreza, das cales mais de 287.000 son mulleres e 235.000 son homes.**

Este aumento sitúa a Galicia aínda por baixo da media nacional, a cal diminúe no mesmo período, pero acórtanse as distancias entre ambas taxas.

En relación ao ano pasado, a taxa de pobreza de Galicia aumentou 1,4 puntos, o 7,8%. Ao contrario do que ocorre a nivel estatal onde a taxa de risco de pobreza se mantén mais ou menos estable, pasando do 20,4% ao 20,2%.

Comparado co resto de rexións, o dato de Galicia soporta o terceiro incremento máis elevado con respecto ao ano anterior e redúcese a -0,8 puntos a súa diferenza coa taxa de pobreza nacional.




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

A taxa de pobreza acada a mesma cifra con respecto ao ano 2015, o que non supón redución algunha, e da conta dun retroceso nos avances dos dous últimos anos. Por outra banda, se se compara este dato co rexistrado no ano 2008 – un 20,9% – constátase unha mellora de 1,5 puntos.

Pobreza e sexo

Por sexo, ao longo da serie histórica, podemos ver que **a taxa de pobreza entre as mulleres nunca foi inferior á dos homes, algo que se repite en 2023: un 20,6%, delas é pobre fronte ao 18,1% dos homes**. Tras dous anos seguidos de redución da pobreza nos dous grupos, no 2023 a pobreza aumenta en ambos, aínda que entre as mulleres o fai o dobre que entre os homes (1,9 e 0,8 puntos, respectivamente). **Este desigual incremento leva a ensanchar a fenda de xénero ata os 2,5 puntos.**



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

POBOACIÓN POBRE POR SEXO EN GALICIA										
	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Pob. Total	2.784.169	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645	2.690.464	2.699.424
Homes	1.344.268	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301	1.294.708	1.299.064
Mulleres	1.439.901	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344	1.395.756	1.400.360
% Pobreza	20,9%	19,4%	19,0%	18,7%	18,8%	20,0%	22,1%	20,2%	18,0%	19,4%
% Homes	19,5%	19,2%	19,1%	16,9%	18,8%	20,0%	21,8%	19,5%	17,3%	18,1%
% Mulleres	22,1%	19,6%	18,9%	20,5%	18,9%	20,0%	22,3%	20,9%	18,7%	20,6%
Total Pobreza	581.243	530.818	516.775	506.977	508.842	540.540	597.093	544.701	485.521	522.889
Homes	262.302	253.472	250.320	219.813	244.502	260.331	284.066	252.402	224.011	235.019
Mulleres	318.921	277.370	266.438	287.354	264.343	280.208	313.050	292.368	261.576	287.966

Nota: destácase en negriña o valor máis alto da serie


Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Pobreza e idade

Segundo a idade, a taxa de pobreza do grupo de 65 anos e máis (23,2%) é a máis elevada e a que máis aumenta (3,2 puntos). Non obstante, como comentábamnos anteriormente, este dato está influenciado polo incremento do limiar da pobreza, polo que hai que analízalo con cautela, e máis tendo en conta a redución dos datos de PMSS en maiores de 65 anos.

Os datos dos outros dous grupos permanecen relativamente estables: o das persoas menores de 18 (NNA), cunha taxa do 21,2% sube 0,3 puntos e o de 18 a 65 anos (17,3%) faíno 0,8 puntos.

Pobreza en Galicia por idade




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

No caso das persoas maiores, tras analizar os datos, hai que matizar que o comportamento da taxa de pobreza é algo diferente. Como se explicou en informes anteriores, os seus ingresos están fortemente determinados polo importe da pensión que reciben, que é relativamente constante e, por tanto, a súa taxa de pobreza específica é máis dependente das modificacións do limiar que dos seus propios ingresos.


Respecto ao 2015, ano de referencia para a Axenda 2030, como se ve na gráfica anterior, o único grupo de idade que non mellorou a súa taxa de pobreza é o de 65 anos ou mais (aumentou 7,3 puntos), mentres entre o de menores se reduciu 3,3 puntos e entre o de 18 a 64 anos fíxoo 2,3 puntos. Finalmente, os datos de pobreza melloraron respecto a 2008 entre os tres segmentos de idade.

Pobreza e tipo de fogar



As persoas que viven en fogares con menores economicamente dependentes rexistran taxas moito máis elevadas que o resto para os principais indicadores de pobreza e vulnerabilidade. Así, como se pode ver no gráfico anterior, salvo no 2018, ao longo de toda a serie histórica apréciase como a taxa de pobreza de fogares con menores en Galicia é superior a dos fogares sen menores. Non obstante, **en 2023 a diferenza entre ambos grupos redúcese**: a taxa de pobreza entre as persoas que viven en fogares con menores medra 0,7 puntos para situarse no 20,6% mentres que entre o resto aumenta 2,1 puntos ata o 18,5%.

Pobreza e hábitat




Segundo o hábitat, salvo no ano 2012, ao longo de toda a serie histórica apréciase como **a taxa de pobreza das zonas rurais é máis elevada que a das zonas urbanas**. Así, en 2023 o 22,4% das persoas en zona rural vive baixo o limiar da pobreza (1,9 puntos máis que no 2022), o que supón 4,2 puntos máis que o dato daquelas que viven en zonas urbanas (18,2%). Respecto ao ano anterior, no **2023 o aumento da pobreza prodúcese tanto nas zonas rurais como nas urbanas, cun crecemento de 1,9 e 1,1 puntos, respectivamente**.

BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH)

A intensidade laboral mide a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar. O indicador comprende ás persoas de 0 a 64 anos -coa anterior metodoloxía era ata 59 anos- que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 20% (agás persoas estudantes de 18 a 24 anos, xubiladas ou retiradas) do seu potencial total de emprego.

No 2023, o 7.5% da poboación menor de 65 anos residente en Galicia vivía en fogares con baixa intensidade no emprego, o que se traduce nunhas 150.000 persoas. Respecto ao ano pasado este indicador experimenta un importante descenso de 2,0 puntos, o que en termos relativos supón unha redución do 21,1% e sitúase por debaixo do dato nacional (8,4%). Así, **Galicia está entre as rexións nas que máis mellora este indicador**.



Este descenso súmase á continuidade nun período case ininterrompido dende o 2014, que experimentou un punto de inflexión no ano 2021. Dende o 2015, a este indicador descendeu 6,2 puntos, mentres que dende 2008, coa taxa BITH calculada entre 0 e 59 anos, a porcentaxe apenas mellora tres décimas.


Este é **o único compoñente do indicador AROPE en positivo, o que demostra que se está creando emprego**. Non obstante, conséntase unha vez mais que **o emprego por si so non está a ser a solución para saír da pobreza**.

De feito, segundo os datos da ECV, a nivel estatal, 2,5 millóns de persoas eran pobres a pesares de ter un emprego. A taxa de pobreza na poboación empregada foi do 11,9% e, **entre as persoas pobres, o 32% tiña un emprego e outro 22% estaba en desemprego.**

Para aquelas persoas en pobreza ou exclusión social que poden traballar (un terzo non poden e non ten senso ningunha obriga de facelo e dende logo ningunha culpabilización ou aporofobia por este motivo) o emprego é unha condición necesaria pero nunca suficiente se este non é digno e de calidade e non vai unido a outras medidas de política social e de garantías de acceso á vivenda digna, non é suficiente para saír da pobreza.

Por último, hai que ter en conta, a estreita relación entre nivel formativo e os postos de traballo aos que se teñen acceso, pois a educación sigue xogando un importante papel no acceso a postos de traballo cunhas condicións óptimas.¹¹

O decrecemento xeral da taxa BITH galega do último ano débese en maior medida ao descenso do indicador entre as mulleres. Se analizamos **a taxa BITH por sexo no 2023 reduciu considerablemente a fenda de xénero, o que se debe en gran medida ao descenso do indicador entre as mulleres que pasou dun 10,6% en 2022 a un 7,6% en 2023.** Con este dato, **a taxa BITH das mulleres equipárase á dos homes (7,4%)** que aínda que tamén mellorou fíxoo en menor medida (-0,9 puntos). En 2023 hai máis de 75.900 mulleres en BITH e algo máis de 75.900.



A pesares de existir unha notable redución da taxa BITH nas mulleres, isto non implicou a redución da taxa de pobreza feminina, nin tampouco un menor aumento da mesma con respecto aos homes. Estes datos dan conta da feminización da precariedade laboral. De feito, segundo o 'XIV Informe El Estado de la Pobreza' de EAPN-ES as **mulleres en España traballan en condicións de maior precariedade que os homes** e soportan unha maior proporción de persoas con xornada a tempo parcial (21,1 % vs 6,6 %). Todo isto determina ingresos máis baixos entre as mulleres en salarios (os homes cobran 18,6% máis) como, a futuro, en pensións (48,6% máis elevada entre os homes).

¹¹ Para máis información consultar o informe o XIV Informe El Estado de la Pobreza de EAPN-ES: https://www.eapn.es/estadodopobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2024_completo.pdf


Galicia: Poboación en BITH por sexo (Ax. 2030)

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Poboación 0-64	2.077.756	2.058.412	2.043.422	2.030.140	2.020.548	2.014.974	2.003.856	1.990.291	1.989.422
Homes	1.042.748	1.032.272	1.024.241	1.016.586	1.011.051	1.007.640	1.001.679	995.081	993.862
Mulleres	1.035.008	1.026.140	1.019.181	1.013.554	1.009.497	1.007.334	1.002.177	995.210	995.560
% BITH	13,7%	13,3%	11,8%	11,0%	11,9%	8,7%	10,2%	9,5%	7,5%
% Homes	13,7%	12,5%	11,6%	10,5%	12,3%	9,4%	9,5%	8,3%	7,4%
% Mulleres	13,7%	14,1%	12,0%	11,5%	11,4%	8,0%	10,8%	10,6%	7,6%
BITH (Abs.)	284.171	274.097	241.211	223.578	239.482	175.218	203.973	188.151	149.873
Homes	142.791	129.077	119.000	106.675	124.045	94.552	95.510	82.247	73.904
Mulleres	141.380	145.092	122.218	116.830	115.487	80.808	108.503	105.896	75.971

Nota: destácase en negra o valor máis alto da serie

Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Por último, como mostra o seguinte gráfico, ao longo de toda a serie **a taxa BITH nos fogares onde hai menores (4,6% en 2023) é máis baixa que onde non os hai (11,6%)**. En calquera caso, en 2023 o valor deste indicador diminúe para ambos grupos.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA (PMSS)

Como se dixo na introdución, coa fin de adaptarse mellor aos requirimentos da Axenda 2030, o antigo indicador de Privación Material Severa (PMS) modifica dende o 2022 a súa metodoloxía de construción e pasa a denominarse **Privación Material e Social Severa (PMSS)**.

Os cambios resúmen en dúas cuestións principais: por unha banda, elimináronse algúns dos seus compoñentes e agregáronse outros novos ata completar 13 elementos de carencia e, por outra, o limiar para que unha persoa se considere en PMSS incrementouse dende a incapacidade para consumir 4 de 9 elementos anteriores, **a 7 dos 13 actuais**.


Por unha banda, elimínanse os elementos que miden a capacidade de dispoñer dun teléfono, un televisor ou unha lavadora, que en caso de España rexistraban valores moi próximos a cero en todo o territorio nacional e non tiñan capacidade de discriminar.

Polo outro, **incorpóranse novos elementos que conforman a carencia material e social severa**. Aos elementos antigos, agrégase, a escala fogar, o concepto "Non pode substituír mobles estragados ou vellos" e a nivel persoal agréganse os seguintes conceptos:

- Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova
- Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións.

- Non pode permitirse reunirse con amigos/familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer.
- Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo.
- Non pode permitirse conexión a internet.

PMSS Galicia (Ax. 2030)



A carencia ou **privación material e social severa**, relacionada directamente co custo da vida **aumentou en Galicia case dous puntos, do 6,3% en 2022 ao 8,2% da poboación**, o que representa **o valor mais alto de toda a serie histórica** e o que se traduce en que case 230.000 persoas en Galicia se atopan en PMSS.

Con respecto ao 2015 (inicio do novo período de avaliación da Axenda 2030) a taxa de PMSS de Galicia duplicouse e, con respecto ao 2020, cando a taxa estaba no 3,2%, vai camiño de triplicarse se segue esta alza.

A nivel estatal o aumento foi lixeiramente menor, pero a pesares diso, aumentou en 1,3 puntos (do 7,7% ao 9 % da poboación). Ao longo de todo o período analizado podemos observar que **a PMSS en Galicia é menor que a estatal**. Non obstante, debido ao forte incremento dos dous últimos anos, **a diferenza coa taxa nacional alcanza o seu valor máis baixo (0,8 puntos)**.

En 2022 o indicador de PMSS xa mostraba un lixeiro empeoramento dos datos, o que viña advertindo dunha tendencia de empeoramento das condicións de vida das persoas. Esta preocupación materializouse nos datos de 2023, que presentan un significativo incremento e que son unha mostra máis da necesidade de mellorar en políticas públicas para reverter esta tendencia.¹²

No que respecta aos datos de PMSS hai que sinalar que os dous últimos anos caracterizáronse polo crecemento dalgúns elementos do indicador, cuestión que non é de todo consistente coa taxa de pobreza, taxa de pobreza severa e de persoas con baixa intensidade no emprego, o que suxire a existencia de problemáticas diferentes


¹² Por outra banda, o antigo indicador Privación Material Severa (PMS) permite comparar os resultados previos a Gran Recesión. Así, en 2008 a taxa en Galicia era do 3,0%, o que significa 2,4 veces menos que en 2023, que é do 7,3%. Ademais, hai que sinalar que a utilización do novo indicador lle da a 2023 un valor que é 0,9 puntos superior ao antigo PMS.

para explicar a evolución dos indicadores. Neste sentido, hai que sinalar que, **o 55,2%, é dicir, 122.000 persoas das que están en viúva**

e social severa en Galicia non son pobres, o dato máis elevado da serie histórica.

Como pode observarse na seguinte táboa esta porcentaxe en Galicia foi incrementándose nos tres últimos anos, producíndose unha forte subida no 2022, onde esta taxa aumentou considerablemente, por riba do dato nacional (48,4%).

Proporción de persoas en PMSS que non están en pobreza



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV


Por sexo, os datos de PMSS aumentan considerablemente mais entre as mulleres (+ 2,3 puntos) que entre os homes (+1.5 puntos). Deste modo, obsérvase unha predominancia superior da taxa feminina, que é de 9,2% e que, aplicada á poboación, resulta en mais de 128.000 mulleres en PMSS; pola súa parte, a taxa masculina é de 7,1%, o que significa mais de 92.000 homes na mesma situación.

Poboación en Privación Material e Social Severa (Ax. 2030) por sexo en Galicia

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
POB. TOTAL	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645	2.690.464	2.699.424
Homes	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301	1.294.708	1.299.064
Mulleres	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344	1.395.756	1.400.360
% PMSS	3,9%	4,9%	3,2%	6,1%	5,4%	3,2%	6,2%	6,3%	8,2%
% Homes	3,8%	4,4%	2,7%	5,5%	5,7%	3,4%	5,5%	5,6%	7,1%
% Mulleres	3,9%	5,4%	3,7%	6,7%	5,2%	3,1%	6,9%	6,9%	9,2%
TOTAL POB. PMSS	105.380	132.927	87.679	164.630	146.711	87.409	167.234	169.716	220.922
Homes	49.850	57.081	35.683	71.156	74.295	43.855	71.463	73.103	92.422
Mulleres	55.541	75.966	52.048	93.515	72.378	43.543	95.853	96.708	128.534

Nota: destácase en negriña o valor mais alto da serie.

Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV



Fonte: Elaboración de EAPN a partir de la ECV

A diferenza dos indicadores anteriores relacionados coa pobreza, a PMSS ten unha evolución moi complexa na que varía cada ano a posición dos **grupos de idade**. Non obstante, hai que ter en conta que os datos por grupos de idade mostran unha tendencia, posto que a mostra non está dividida e non é tan ampla.


No 2023 o único grupo no que se reduce a taxa de PMSS é no de maiores de 65 anos descendendo en 0,7 puntos ata o 4,1%, e **a maior taxa prodúcese entre os nenos, nenas e adolescentes, alcanzando un 12,4%**, o que significou un aumento de 5,2 puntos respecto ao ano anterior. Este indicador incrementase no grupo de idade de 18 a 64 anos, onde crece 2,3 puntos ata o 9,0%.

O grave empeoramento dos datos en menores reverte a situación do 2022, cando era evidente unha mellora nos datos de pobreza deste grupo de idade. O 2023 é o ano de toda a serie histórica con maiores taxas de menores en PMSS.

A redución da PMSS nos maiores de 65 anos pode resultar contraditoria se a comparamos coa subida que experimentou no AROPE. Non obstante, hai que ter en conta que os datos da PMSS son de 2023 mentres que os datos da renda mediante os cales se calcula a taxa de pobreza e outros indicadores corresponden ao 2022, é dicir, a PMSS e a taxa de pobreza miden momentos distintos e tamén problemas diferentes.¹³

¹³ O indicador de pobreza é un indicador de ingresos e o indicador de PMSS refírese ao tipo de gastos que pode asumir unha persoa ou fogar. Para obter máis información sobre estes gastos habería que analizar cada un dos gastos por idade ou sexo, pero a o tamaño da mostra non o permite.


PMSS (Ax. 2030) en Galicia por idade



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV


En Galicia, a PMSS dos fogares con menores é case todos os anos superior ao dos fogares sen menores. En 2023 esta diferenza aumenta con respecto ao ano anterior, polo maior incremento que este indicador presenta **entre os fogares con menores, dun 6,9% a un 10,2%, mentres que os fogares sen menores pasan do 5,9% ao 6,7%**. Estes datos volven aumentar a fenda entre os dous tipos de fogares, que se reduciu en 2022, debido principalmente á redución das taxas de PMSS dos fogares con menores.

PMSS (Ax. 2030) en Galicia con fogares e sen menores



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

PMSS (Ax. 2030) en Galicia por hábitat



Fonte: Elaboración EAPN a partir da ECV

En 2023, segundo hábitat, a PMSS en zonas urbanas é notablemente mais elevada. Sen embargo, con respecto ao ano anterior creceu con maior intensidade nas zonas rurais. Neste sentido, **o incremento nas zonas urbanas foi de 1,6 puntos ata chegar ao 9,3% e nas rurais duplicou a taxa ata chegar ao 5,4%.**

Para facer unha análise axeitada **é obrigado o estudo dos trece elementos que compoñen a actual taxa de Privación Material Social e Severa**. Así, 10 deles rexistran taxas inferiores ás medias nacionais, con diferenzas que van dende 0,7 ata 7,9 puntos.


Nacional	2008	2015	2021	2022	2023
Retrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal ou compras a prazos	8,2	11,7	14,4	13,2	13,6
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada durante os meses de inverno	5,9	10,6	14,3	17,1	20,7
Non pode permitirse ir de vacacións fora de casa, polo menos unha semana ao ano	36,2	41,5	32,7	33,5	33,2
Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe (ou equivalentes para os vexetarianos) polo menos cada dous días	2,2	2,6	4,7	5,4	6,4
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	29,9	39,8	33,4	35,5	37,1
Non pode permitirse ter coche	5,9	5,8	4,9	5,0	5,2
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos		30,6	27,5	27,4	30,0
Non pode permitirse substituír as roupas estragadas por outras novas		5,5	8,8	8,5	8,8
Non pode permitirse dous pares de zapatos		1,3	2,4	2,5	2,8
Non pode reunirse con amigos e/ou familiares para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes		7,1	8,6	7,6	9,5
Non pode participar regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos, etc.		15,0	12,5	12,2	13,7
Non pode gastar una pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana		13,1	15,1	14,3	15,9
Non pode permitirse conexión a internet (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		2,8	2,7	1,9	1,9
Galicia	2008	2015	2021	2022	2023
Retrasos en pago de gastos relacionados coa vivenda principal ou compras a prazos	3,4	7,8	9,0	9,4	9,2
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada durante os meses de inverno	8,9	13,7	13,1%	19,4	21,6
Non pode permitirse ir de vacacións fora de casa polo menos unha semana ao ano	38,4	48,3	37,1	39,2	38,2
Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe (ou equivalentes para os vexetarianos) polo menos cada dous días	1,1	1,2	2,1	4,4	4,5
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	24,4	27,4	24,7	29,4	29,2
Non pode permitirse ter un coche	3,9	2,3	1,9	2,6	3,0
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos		15,8	19,9	25,6	27,7
Non pode permitirse substituír as roupas estragadas por outras novas		3,5	5,9	7,1	7,9
Non pode permitirse dous pares de zapatos		0,4	1,5	1,3	2,1
Non pode reunirse con amigos e/ou familiares para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes		2,5	5,9	6,6	8,0
Non pode participar regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos, etc.		8,5	9,3	11,1	12,8
Non pode gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana		8,	11,1	12,6	14,9
Non pode permitirse conexión a internet (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		2,2	2,5	1,8	2,6

Fonte: Elaboración EAPN a partir da ECV

Por outra banda, con respecto ao ano anterior, aumentaron en Galicia 10 elementos. Entre todos eles, cabe destacar o incremento da porcentaxe de **persoas que non poden permitirse manter a vivenda a unha temperatura adecuada que pasa do 9,6% de 2020 ao 21,6 % en 2023**. A pesares das medidas extraordinarias postas en marcha polo goberno central e Xunta, Galicia non conseguiu reducir a súa taxa de pobreza enerxética e, lonxe de mellorar, empeora.

Outros conceptos que aumentaron no último ano son os referidos ás **persoas que non poden permitirse substituír os mobles vellos ou estragados**, que dun 25,6% pasou a un 27,7%, e aquelas que **non poden gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmas unha vez á semana**, que pasou dun 12,6% a un 14,9%

Ante estes datos, non se pode obviar que a vivenda continúa **a funcionar coma unha aspiradora de rendas** o que sumado ao impacto da inflación obrigou a moitas familias a reducir gastos en necesidades básicas. Nesta liña, podemos destacar, por exemplo, o lixeiro incremento de **persoas que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días**, que aumenta do 4,4% ao 4,5%, pero que ven sufrindo un progresivo incremento dende o 2,1% rexistrado no 2021, data dende a que esta taxa se duplicou.




A todo isto, non queremos deixar de engadir un dato recente, que provén do Barómetro Sanitario do CIS do 2023, no que preguntan ás persoas se deixaron de tomar algún medicamento por non poder acceder a este por motivos económicos.¹⁴ Os resultados mostran como a pobreza impacta tamén na saúde, pois en Galicia, en 2023, unhas 60.500 persoas tiveron que prescindir de medicamentos por non poder pagalos.¹⁵

¹⁴ <https://www.cis.es/gl/detalle-ficha-estudio?origen=estudio&idEstudio=14751>

¹⁵ <https://www.farodevigo.es/galicia/2024/03/11/gallegos-prescinden-medicinas-falta-dinero-99285736.html>

Finalmente, **o 44,5% da poboación en Galicia experimenta dificultades para chegar a fin de mes**, o que supón un dato semellante ao ano anterior, co que se estabiliza o aumento producido dende 2020. Pese a estabilidade que mostra o dato agregado, ao desagregalo apréciase un incremento daquelas persoas que padecen o problema con máis intensidade: en 2023 son menos as persoas que teñen certa dificultade para chegar a fin de mes (1,7 puntos menos) pero aumentan aquelas que teñen moitas dificultades (1.6 puntos mais).

Dificultades para chegar a fin de mes en Galicia




Fonte: Elaboración EAPN a partir da ECV

Para complementar estes datos imos recorrer a **Enquisa Conxuntural a Fogares do IGE**, posto que nos mostra o **grao de dificultade para chegar a fin de mes segundo o tipo de fogar**. Estes datos hai que separalos dos anteriores, posto que mostran resultados diferentes, pero si que nos da pistas das familias que afrontan maiores dificultades para chegar a fin de mes en Galicia.¹⁶

Esta enquisa mostra que un 52,2% dos fogares no terceiro trimestre de 2024 chegaba con dificultade ou moita dificultade a fin de mes. Son, con gran diferenza, os fogares de **familias monoparentais as que presentan unha taxa maior**, un 64,5%, seguidos dos fogares noutra situación (54,1%) e os fogares con fillos (48,6%).

¹⁶ https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0205015


Fogares con difultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes por tipoloxía do fogar



*Os datos de 2024 corresponden ao terceiro trimestre
 Fonte: Elaboración EAPN a partir da Enquisa Conxuntural a Fogares do IGE

POBREZA SEVERA

Taxa de Pobreza severa




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

No ano 2023 a taxa de pobreza severa, medida cun limiar do 40% da mediana da renda nacional, isto é, a porcentaxe de persoas que viven en fogares cun ingreso máximo de 611€ mensuais nun fogar dunha persoa e no caso dun fogar de 2 adultos e dous nenos ou nenas sería de 1.283€, **en Galicia foi do 7%, unhas 189.000 persoas - dúas décimas máis que no 2022, o que indica que permanece practicamente estable.** Este valor está 1,3 puntos por debaixo do dato nacional e segue sendo mellor aos rexistrados en 2015 (6,7%) e en 2008 (6,0%), antes da Gran Recesión.

Pobreza e pobreza severa en Galicia (2023)

■ Non pobre ■ Pobreza (Non severa) ■ Pobreza severa




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Debemos considerar como un indicio algo positivo a estabilización da pobreza severa, a pesares do aumento doutros indicadores, o que pode estar a traducir o efecto inicial de medidas como o IMV ou a suba das pensións, especialmente no caso das viúvas. Cuestión que abordaremos máis adiante no apartado referido ás pensións.

Comparado co resto de rexións, o dato de pobreza severa de Galicia é o sétimo máis baixo. Como sucede ao longo de toda a serie, o valor galego deste ano non supera ao rexistrado a nivel nacional (8,3%), aínda que se reduce a distancia entre ambos e permanece 1,3 puntos por debaixo.

Pobreza severa en Galicia por sexo




Fonte: Elaboración EAPN a partir da ECV

Por sexo, no 2023 a pobreza severa permanece practicamente estable tanto entre homes (6,5% e 0,1 puntos máis que en 2022) como entre mulleres (7,4% e 0,3 puntos máis). Deste modo, ambos datos sitúanse en niveis similares aos rexistrados en 2015, pero por riba dos de 2008.

Non obstante, **a taxa de pobreza severa en mulleres continúa a ser máis elevada** (0,9 puntos máis) **que en homes**.


Pobreza severa en Galicia por idade



Fonte: Elaboración EAPN a partir da ECV

A análise da pobreza severa segundo a idade mostra que os menores rexistran a taxa máis elevada (10,3%), seguido do de 65 anos e máis (7,1%). Ao igual que sucede coa taxa de pobreza, o grupo de 18 a 64 anos rexistra a pobreza severa máis baixa (6,2%). Respecto ao ano pasado, o único dato que non empeora é precisamente o deste grupo (- 0,4 puntos) , mentres que a pobreza severa se incrementa para os nenos, nenas e adolescentes (NNA) en 1,8 puntos e para as persoas de 65 anos e máis, que medra 0,8 puntos.

Galicia: Pobreza severa por hábitat



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Finalmente, debe destacarse que **20,2% do total de pensións está por debaixo do limiar da pobreza severa** (renda inferior a 523€ en 2023) e a cifra alcanza 36,6% no caso das prestacións por viuvez. Nestas últimas, **hai unha mellora con respecto ao ano anterior, pois as pensións por debaixo do limiar da pobreza severa pasaron dun 37,2% ao 36,6%, o que se podería atribuír á revalorización das pensións** e, sobre todo, ao seu impacto no aumento das pensións máis baixas como as de viuvez, que perciben maioritariamente mulleres.

Finalmente, a taxa de pobreza severa das zonas rurais (7,9%) é 1,3 puntos superior á das zonas urbanas (6,6%). Este ano ambos datos varían moi pouco (-0,1 e +0,3 puntos respectivamente) polo que a diferenza se mantén estable nas últimas catro medicións.

PENSIÓNS E POBREZA: FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS

Compre prestar atención a un grupo con características especiais, o da **poboación pensionista**. Unha gran parte dela ten unha pensión como único ingreso e, polo tanto, a súa situación de pobreza depende de decisións políticas, posto que obteñen rendas que están practicamente determinadas polo importe da pensión que recibe. Estas decisións políticas son principalmente responsabilidade do goberno central. Non obstante, non debemos esquecer a responsabilidade compartida, pois a Xunta dispón de ferramentas para implantar medidas de reforzo ou complementarias ás pensións cuxos importes se establece dende o goberno central.

Hai que matizar que a pensión non é o único ingreso que perciben todas as persoas pensionistas, pois hai persoas pertencentes a este grupo que reciben outros ingresos complementarios.

A táboa que se mostra máis abaixo reflexa o número de pensións por tramos de contía segundo o tipo que se reciben en Galicia. Nesta táboa non indica as persoas que están en pobreza, se non **se as súas pensións están por debaixo do limiar da pobreza**.

Pode observarse que, das **775.817 pensións que se recibiron no 2023 en Galicia** (770.719 non 2022), **case a metade, un 48,4%, foron inferiores ao mínimo considerado para non ser pobre**¹⁷. En termos absolutos son 375.658 as pensións por debaixo do limiar da pobreza, unha cifra lixeiramente maior á do ano anterior e que pode estar influenciada polo aumento do limiar da pobreza relativa nun 8,9% (de 721€ a 785€), un aumento por riba do que subiron as pensións máis baixas no 2023.

Nº de pensións por Pobreza, Clase e Tramos de contía (a 31 decembro de 2023)		Limiar de pobreza (Mensual, 14 pagas)				785 €
		Limiar de pobreza severa (Mensual, 14 pagas)				523 €
GALICIA	Incapacidade permanente	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiar	Todas as pensións
Ata 150 €	425	14.872	7.979	2.014	48	25.338
De 150,01 a 500 €	2.558	48.678	55.700	12.656	897	120.489
De 500,01 a 523 €	526	5.398	3.896	371	748	10.940
De 523,01 a 550 €	603	6.182	4.461	424	857	12.526
De 550,01 a 750 €	25.459	92.992	22.816	2.683	3.283	147.233
De 750,01 a 785 €	3.839	31.842	23.158	206	87	59.132
De 785,01 a 800 €	1.651	13.693	9.959	88	37	25.428
De 800,01 a 2.000 €	33.880	199.422	54.569	4.737	873	293.481
Máis de 2.000 €	4.318	74.919	1.846	121	46	81.250
Todos os tramos	73.259	487.998	184.384	23.300	6.876	775.817
TOTAL POBREZA	33.410	199.964	118.010	18.354	5.920	375.658
%	45,6%	41,0%	64,0%	78,8%	86,1%	48,4%
TOTAL POBR. SEVERA	3.509	68.948	67.575	15.041	1.693	156.767
%	4,8%	14,1%	36,6%	64,6%	24,6%	20,2%

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social


¹⁷ Neste caso, o limiar de pobreza está calculado para 14 mensualidades que é o número de pagas anuais. O límite superior de ingresos é de 785 € por paga, e de 523 € para o caso de pobreza severa.

Finalmente, debe destacarse que **20,2% do total de pensións está por debaixo do limiar da pobreza severa** (renda inferior a 523€ en 2023) e a cifra alcanza 36,6% no caso das prestacións por viuvez. Nestas últimas, **hai unha mellora con respecto ao ano anterior, pois as pensións por debaixo do limiar da pobreza severa pasaron dun 37,2% ao 36,6%, o que se podería atribuír á revalorización das pensións** e, sobre todo, ao seu impacto no aumento das pensións máis baixas como as de viuvez, que perciben maioritariamente mulleres.


Non obstante, especialmente curioso é o caso **das pensións de favor familiar por baixo do limiar da pobreza severa, que experimentaron un forte crecemento** con respecto ao ano anterior, pasando do 14,6% ao 24,6%.

Un dato tamén relevante, é que as pensións máis baixas son percibidas polas que se acollen ao Réxime Xeral de Traballadores Autónomos (RETA), en total 236.506 persoas a finais do 2023, que perciben unha contía media de 719,48€ mensuais fronte aos 1.173,54€ que perciben as 454.996 persoas adscritas ao Réxime Xeral en Galicia.

Con respecto á media estatal as persoas que cotizaron polo Réxime Xeral de Galicia está 136,45€ mensuais por baixo da media do Estado. No caso dos xubilados polo RETA a contía está 105,36€ mensuais por baixo da media estatal.¹⁸



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV




Fonte: Elaboración por EAPN con datos do MISSM

En conclusión, **estes datos revelan que a situación en Galicia é bastante peor que a nivel nacional** (11,6 puntos máis que a media), posto que o 36,8% do total de prestacións que reciben as persoas pensionistas en España se atopan por debaixo do limiar da pobreza.

¹⁸ Datos do Instituto Nacional da Seguridade Social : <https://tinyurl.com/2btccwkw>

Por último, é interesante realizar unha **análise da función reguladora que compren as pensións** no só na calidade de vida das persoas maiores, se non tamén entre aquelas persoas que viven con elas e se ven beneficiadas por ditas pensións de xubilación.

O seguinte gráfico presenta cantos puntos porcentuais aumentaría a taxa de pobreza entre as persoas de menos de 65 anos se non existisen as transferencias de xubilación e supervivencia. Así, a **nivel nacional, grazas a estas pensións a pobreza redúcese 5,4 puntos entre a poboación menor de 65 anos.**



Fonte: Elaboración por EAPN a partir da ECV

A análise deste cálculo por Comunidades Autónomas parece destacar a importancia das pensións para a loita da pobreza. Non so entre a poboación maior. Así, de nove comunidades nas que este efecto é maior á media nacional, oito rexistran unha taxa de pobreza inferior á media do país, é dicir, os seus mellores resultados débense en parte ao impacto colateral que teñen as pensións de xubilación e supervivencia entre as persoas que non as reciben directamente.

Así é o caso de Galicia, onde a taxa de pobreza se atopa por debaixo da media nacional. Segundo estes datos, **en Galicia, grazas ao efecto das pensións a pobreza redúcese en 8,8 puntos na poboación entre 0 e 64 anos**, é dicir, de non existir as pensións habería unhas 175.000 persoas máis en pobreza entre 0 e 64 anos.

POBREZA CON OUTROS LIMIARES

Unha análise detallada da pobreza require ter en conta a pertinencia dos criterios que se empregan para a construción do límite de ingresos que delimita ás persoas pobres das que non o son, cuxa denominación técnica é "limiar de pobreza". Hai dous principais.

En primeiro lugar, **as diferenzas rexionais no custo dos bens e servizos necesarios para vivir determinan que non sempre iguais ingresos se correspondan con iguais condicións reais de vida en todo o territorio nacional**, o que ten como consecuencia a apreciación de que a taxa nacional de pobreza non reflectiría con fidelidade a situación das persoas pobres "dentro" das rexións porque non dá conta das diferenzas¹⁹.

A este problema tenta responder o **uso de lindes de pobreza calculados a partir das distintas distribucións rexionais de ingresos** (e non da distribución nacional, como acontece coa taxa de risco de pobreza nacional). En xeral, o uso de limiares rexionais tende a reducir a pobreza nas rexións máis desfavorecidas e a aumentala nas que teñen mellor situación.

En segundo lugar, **debe terse en conta que o limiar de pobreza se calcula a partir da distribución de renda de cada ano e, por tanto, as variacións anuais de renda producen variacións do limiar no mesmo sentido**. Este método, que ten moitas vantaxes para adecuar a definición de pobreza ás condicións do contorno temporal ou estándar de vida no ano en que se mide, ten, a cambio, o inconveniente de que o que se considera pobreza varía todos os anos en función dos cambios na distribución de renda dispoñible.

Así, numerosas persoas saen ou entran da pobreza só por efecto do cambio anual nos límites do que se considera pobreza e non por unha modificación das súas condicións reais de vida. Por exemplo, entre 2009 e 2014 o linde de pobreza reduciuse en 916 €. Iso significa que todas as persoas que en 2014 gañaban entre 8.877 € e 7.961€ (limiares respectivos de cada ano), e que eran consideradas pobres no ano 2009, deixaron de selo en 2014 sen ningunha modificación nas súas condicións de vida, só por efecto do cambio no valor do limiar.

Tamén ocorre o exemplo contrario. Entre 2015 e 2023 o limiar de pobreza incrementouse desde os 8.011 € ata os 10.990 € por unidade de consumo e iso significa que todas as persoas que en 2015 recibían unha renda entre esas dúas cifras e que non estaban incluídas no indicador, pasaron a ser consideradas pobres sen ter modificado as súas condicións de vida.

O uso de limiares fixos nun ano base determinado e actualizados cada ano co IPC, é dicir, a extensión a un período de varios anos do criterio polo que se considera a unha persoa pobre, **tenta enfrontarse a este problema e permite comparar de xeito máis fidedigno a evolución da taxa entre os distintos anos**.

¹⁹ Esta análise pode ter importantes obxeccións. Por exemplo, é posible pensar que a variabilidade rexional dos prezos é menor entre os artigos máis consumidos polas persoas pobres. Outro problema está nos concellos fronteirizos, onde importantes grupos de poboación viven nunha comunidade autónoma e traballan e consumen noutra.

Finalmente, débese indicar que **tanto o uso de limiares rexionais como ancorados a un ano determinado son instrumentos complementarios para o exame da evolución da situación real das persoas** e non deben substituír á análise da taxa de risco de pobreza.

A continuación, analízase a pobreza en Galicia calculada en función de ambos criterios, con resultados, como se verá, algo diferentes. A seguinte táboa amosa o valor dos distintos limiares utilizados.


Galicia: limiares de pobreza										
	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Limiar nacional	8.379	8.011	8.209	8.522	8.871	9.009	9.626	9.535	10.088	10.990
Limiar fixo 2008	8.379	9.125	9.100	9.368	9.427	9.519	9.620	9.662	10.256	10.860
Limiar fixo 2015		8.011	7.987	8.227	8.275	8.356	8.444	8.484	9.004	9.533
Limiar rexional	7.503	8.075	7.950	8.854	9.032	8.980	9.247	9.245	10.005	10.631

Fonte: Elaboración de EAPN a partir de ECV

En primeiro lugar, **se a pobreza se calcula segundo o estándar de vida vixente no ano 2015**, ano de avaliación da Axenda 2030, é dicir, co limiar ancorado ao ano 2015, **a mellora é evidente, xa que a taxa de risco de pobreza redúcese en 6,2 puntos porcentuais.**

Por outra banda, se a pobreza actual se calcula a partir do estándar de vida vixente no ano 2008, antes da Gran Recesión, a taxa de pobreza alcanza o 18,7 %, **é dicir, a situación actual de Galicia é algo mellor que a de entón.**

Taxa de pobreza en Galicia con distintos limiares




Fonte: Elaboración de EAPN-ES a partir de ECV

En segundo lugar, **para o ano 2023 o limiar de pobreza rexional en Galicia é de 10.631 €, unha cantidade que é 359 € inferior ao limiar oficial, é dicir, un 3,3% máis baixo**. Así, todas as persoas residentes en Galicia cuxos ingresos por unidade de consumo están entre 10.990€ (limiar nacional) e 10.631€, deixan de ser consideradas pobres sen modificación algunha nas súas condicións de vida, só por efecto do cambio metodolóxico.

Deste xeito, as taxas de pobreza de Galicia, que habitualmente son máis baixas que a media nacional, nos últimos anos redúcense e alóxanse desta se se usa o limiar rexional. Para o ano 2023, a taxa de risco de pobreza calculada co seu limiar rexional descende do 19,4 % ata o 17,9 %, é dicir, 1,5 puntos por baixo da rexistrada co limiar nacional.


Por último, **se se usa esta taxa de pobreza calculada co limiar rexional para construír unha taxa AROPE específica para esta comunidade**, como se amosa no seguinte gráfico, prodúcese este mesmo efecto.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

DESIGUALDADE E REPARTO DA RENDA

A renda media en Galicia é de **13.147€ por persoa e de 19.152€ por unidade de consumo**. Ambas cifras distanciáronse das do conxunto nacional, posto que, **este ano tiveron un incremento menor á media estatal**. Así, este último ano, en Galicia a renda media por persoa incrementouse en 795€ (+6,4%), mentres que a nivel nacional o fixo en 1.074€ (+8,3%).




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Con estes datos a **Comunidade ocupa o sétimo posto nas rexións con rendas máis baixas, é dicir, un lugar medio-baixo entre as comunidades autónomas**, cunha renda por unidade de consumo que é inferior á media nacional en 1.524€ e en 935€ no caso da renda por persoa.

A pesares disto, as **cifras puramente nominais non reflexan a perda de poder adquisitivo da poboación** durante este mesmo período de tempo. Dende 2008 a renda nominal media por persoa en Galicia creceu en 3.664€, é dicir, un 38,6%.

Non obstante, ao ter en conta a variación do coste da vida e, polo tanto, se actualizan os datos segundo o Índice de Prezos de Consumo (IPC), que foi do 29,6%, queda en evidencia que en termos de 2009 o seu valor real é de 10.144€. ²⁰ Polo tanto, **o incremento real da renda dende o ano 2008 ata o 2023 en Galicia, sería so de 662€**. Mentres que a nivel estatal, para 2023, a renda media real por persoa incrementouse 129€ (1,2%) dende 2008.




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

²⁰ Renda real= Renda nominal / (1+ taxa de variación do IPC): 10.144 € = 13.147 € / (1+0,296)

Feito este apunte, o que segue a análise céntrase nas rendas nominais, é dicir, sen considerar o IPC. Neste sentido, **a renda media (nominal) por unidade de consumo en Galicia tamén creceu no último ano, 1.059€ ata chegar aos 19.152€**, isto é, 1.524€ menos que a media nacional.

Con isto, respecto ao resto de territorios, **Galicia ocupa o sétimo lugar coa renda máis baixa por unidade de consumo.**



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Resulta moi útil analizar a **distribución da renda dentro da Comunidade Autónoma**. Así, na seguinte táboa pode observarse esta distribución de ingresos por unidade de consumo.

A poboación galega, que polos seus ingresos por unidade de consumo está no grupo do 10% da poboación **con renda máis baixa (decil de renda nacional) aumentou 1,5 puntos, do 7,6 ao 9,1%**. É dicir, aumentou a porcentaxe de persoas que se atopa entre a poboación que percibe menos ingresos.²¹ Non obstante, a que está no decil de renda máis alta, apenas aumentou 0,2 puntos.

Por outra parte, a poboación de Galicia, que polos seus ingresos por unidade de consumo están no grupo do 30% da poboación con renda mais baixa (os deciles 1, 2 e 3 de renda nacional) supoñen un 29,0 %, unha cifra que é 1 punto mais alta con respecto ao 2022. Neste punto, pode observarse que os movementos son intragrupos e que, en termos xerais non se producen grandes variacións con respecto ao ano anterior.

Do mesmo xeito, a **suma dos deciles que corresponde ao grupo do 20% con rendas máis altas (deciles 9 e 10), viuse moi levemente reducida tan só 0,4 puntos**, e supoñen o 14%.

Ademais, **viuse reducida moi levemente (- 0,6 puntos) a suma dos cinco deciles centrais da distribución (do decil 4 ao 8)** segundo os seus ingresos por unidade de consumo -o que se podería denominar a clase media - que a nivel nacional supón o 50% da poboación e que en Galicia representa algo mais da metade das persoas, o 57%.

²¹ Con estes datos, pode chamarnos a atención que a pobreza severa non aumentase mais do que o fixo, pero hai que ter en conta que o límite de ingresos do decil 1 (8.081€) é superior ao limiar da pobreza severa (7.326€). Polo que hai persoas nese intervalo (máis de 7.326€ e menos de 8.081€) que non están en pobreza severa pero si nese decil máis baixo.

Con todo, en Galicia, **hai menos poboación da que correspondería nos estratos mais vulnerables (deciles 1,2 e 3) e máis no grupo central (do decil 4 ao 8)**, o que significa que a poboación se concentra nos estratos centrais, é dicir, maior poboación no que se denominaría clase media, o que podería explicar a menor desigualdade galega.

Persoas por decil de renda por unidade de consumo en Galicia

Total	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
D1	8,2%	6,2%	6,9%	10,1%	8,8%	8,9%	9,7%	8,6%	7,6%	9,1%
D2	12,9%	9,9%	9,1%	7,6%	8,2%	10,9%	11,4%	10,2%	10,2%	9,8%
D3	13,5%	10,9%	10,5%	7,6%	10,1%	9,8%	10,2%	10,3%	10,2%	10,1%
D4-D8	53,5%	56,9%	56,5%	59,2%	54,5%	53,6%	52,6%	56,3%	57,6%	57,0%
D9	6,6%	8,6%	9,0%	7,4%	8,6%	9,1%	10,5%	8,9%	8,7%	8,1%
D10	5,3%	7,5%	8,0%	8,0%	9,9%	7,7%	5,6%	5,7%	5,7%	5,9%

Homes

D1	7,5%	5,7%	6,2%	8,8%	8,4%	9,2%	10,5%	8,4%	7,4%	8,6%
D2	12,2%	10,0%	9,6%	7,4%	8,5%	10,7%	10,8%	9,7%	9,6%	9,0%
D3	13,6%	10,0%	9,7%	6,8%	9,0%	8,7%	9,5%	9,9%	9,6%	10,3%
D4-D8	54,6%	57,3%	56,8%	60,0%	54,0%	55,0%	52,0%	57,1%	58,9%	46,7%
D9	7,1%	8,9%	9,8%	8,3%	9,7%	9,0%	11,5%	9,2%	8,7%	8,9%
D10	5,0%	8,1%	7,9%	8,7%	10,4%	7,5%	5,7%	5,8%	5,7%	5,9%

Mulleres

D1	8,8%	6,6%	7,6%	11,4%	9,2%	8,6%	9,0%	8,8%	7,8%	9,5%
D2	13,5%	9,8%	8,6%	7,7%	7,8%	11,1%	11,9%	10,7%	10,7%	10,5%
D3	13,5%	11,8%	11,2%	8,3%	11,1%	10,8%	10,8%	10,7%	10,6%	9,9%
D4-D8	52,6%	56,5%	56,3%	58,5%	55,0%	52,3%	53,2%	55,6%	56,5%	56,9%
D9	6,0%	8,2%	8,1%	6,6%	7,5%	9,2%	9,7%	8,6%	8,6%	7,4%
D10	5,6%	7,1%	8,2%	7,4%	9,5%	7,9%	5,4%	5,6%	5,7%	5,9%

Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Límites superiores de cada decil de renda nacional


	2008	2009	2015	2016	2020	2021	2022	2023
Decil 1	6.249	6.559	4.937	5.297	6.600	6.283	7.207	8.081
Decil 2	8.407,0	8.787,5	7.548,9	7.684,0	9.449,0	9.215,5	9.957,2	10.927,5
Decil 3	10.254,0	10.914,9	9.515,7	9.588,5	11.685,6	11.488,4	12.302,8	13.610,6
Decil 4	12.064,8	12.847,9	11.410,5	11.633,9	13.840,0	13.696,4	14.575,3	15.901,3
Decil 5	13.965,6	14.794,6	13.351,5	13.680,8	16.043,3	15.891,9	16.813,4	18.315,7
Decil 6	16.170,1	17.041,3	15.517,3	15.868,9	18.525,5	18.418,0	19.476,5	20.856,2
Decil 7	18.776,8	19.701,2	18.225,7	18.600,7	21.452,6	21.469,6	22.456,3	23.986,9
Decil 8	22.079,9	23.464,6	21.796,8	22.356,3	25.188,5	25.461,1	26.619,2	28.344,5
Decil 9	28.397,7	29.638,3	27.789,0	28.436,9	31.521,0	32.059,2	33.424,5	35.877,8
Decil 10	28.397,8	29.638,4	27.789,1	28.437,0	31.521,1	32.059,3	33.424,6	35.877,9

Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

En conclusión, e aínda que sexa de maneira leve os grupos que se reducen son os segmentos centrais (que pasan dun 57,6 % a un 57,0 %) e os deciles 9 e 10 (dun 14,4 % a un 14,0 %), mentres que aumenta a suma dos deciles do 1 ao 3 (dun 28,0 % a un 29,0 %).

Ao igual que o ano pasado, **Galicia volve rexistrar o segundo mellor valor do ranking de menor desigualdade** segundo o índice de Gini.²²

Índice de Gini




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

O índice de Gini galego baixou lixeiramente, pois dun 28 en 2022 pasou a un 27,4 en 2023, e permaneceu inferior ao índice estatal, en concreto 4,1 puntos. Dende o ano 2015 este dato recorre unha tendencia descendente que lle levou a rexistrar este ano o valor máis baixo da serie histórica.

O indicador S80/S20, que mide a relación de renda entre o 20% con maiores ingresos e o 20% con ingresos máis baixos da poboación e o indicador S90/S10, que o fai entre o 10% máis rico e o 10% máis pobre, seguen unha traxectoria similar ao Índice Gini. E, coma este, **representan unha desigualdade en Galicia inferior á nacional.**


En primeiro lugar, para 2023, **o 20% da poboación con maiores ingresos de Galicia recibe unha renda 4,4 veces superior á do 20% máis pobre.** Se consideramos o S90/S10, o 10% máis rico recibe 7,1 veces o que ingresa o 10% máis pobre.

S80/S20



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

S90/S10



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos

²² Indicador máis utilizado para medir desigualdade. Para a súa interpretación, debe terse en conta que varía entre 0 e 100, onde 0 representa a igualdade absoluta (todas a persoas teñen a mesma renda) e 100 a desigualdade completa (unha persoa acumula toda a renda e o resto nada).


En segundo lugar, **ambos índices encadean descensos dende o ano 2017 e rexistran este ano o seu menor dato da serie histórica**, dende o 2008.

Por último, unha análise comparativa dos diferentes indicadores de desigualdade que se analizan neste informe mostra certas insuficiencias. Neste sentido, as variacións na porcentaxe de persoas nos diferentes deciles adoitan interpretarse en clave de desigualdade: un desprazamento centrífugo das persoas cara aos deciles extremos asóciase a un incremento da desigualdade e o contrario se o desprazamento é centrípeto e se incrementan os deciles centrais.

Con todo, considerar ese único factor pode levar a conclusións inexactas e non só importa en cada decil a porcentaxe ou número de persoas, senón que tamén interesan as variacións de renda dentro de cada un deles. Noutras palabras, non é o mesmo un incremento ou redución de persoas, que de ingresos; poden suceder ambas, ou só unha delas.

Por exemplo, en Galicia, a redución do índice de Gini, da relación S80/S20 e da relación S90/S10 suxire un desprazamento centrípeto e unha redución tanto dos deciles máis baixos como dos máis altos. Sen embargo, como se sinalou anteriormente, **os movementos prodúcense entre os deciles próximos.**

Incremento 2021-2023 da renda por u.c. segundo deciles (%)



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Respecto aos cambios na renda, o gráfico anterior mostra a **variación porcentual da renda por unidade de consumo** entre 2021 e 2023 en España e en Galicia para os tres deciles mais altos e os tres mais baixos. **Para ambos niveis territoriais nos seis grupos representados pode observarse un aumento das rendas por unidade de consumo.** Cabe sinalar que, aínda que ese incremento en termos relativos é 20 veces maior nos deciles máis baixos (22% fronte a 1,1%) en termos absolutos a ganancia de decil superior (+468 €) é so a metade que a do decil inferior (+960 €).


O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO

A información do INE permite calcular o efecto das actuacións e transferencias ás persoas das diferentes administracións públicas. Esta información permite ver o esforzo amosado polo conxunto das diferentes administracións na loita contra a pobreza e a exclusión e o impacto dos efectos da crise inflacionista e enerxética.

A taxa de pobreza pode modularse a partir de cambios ou intervencións na distribución da renda. Neste senso, **o efecto da acción das distintas Administracións do Estado sobre a calidade de vida das persoas é moi importante** e pode estimarse mediante a diferenza entre a taxa de risco de pobreza calculada a partir da renda dispoñible e calculada a partir da renda sen ter en conta as transferencias do Estado ás familias.

A continuación compáranse os datos de pobreza reais con aqueles que existirían nun país sen a acción do Estado e das administracións. Por un lado, sen ningunha transferencia de renda, incluso sen pensións de xubilación e, por outro, se non se incluíran as pensións de xubilación e supervivencia e so o resto de transferencias sociais.

Efecto das transferencias na pobreza en Galicia



* (excepto xubilación e supervivencia)

** (incluso xubilación e supervivencia)


Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

De non existir ningunha transferencia pública (Estado, Xunta ou concellos) en Galicia, en 2023 a situación de pobreza ampliaríase un 140,2% (27,2 puntos) a case a metade da poboación chegando ao 46,6%, 1.258.000 persoas en total, 735.000 mais.

Por outra parte, **se non se teñen en conta as pensións de xubilación e supervivencia e si as diferentes transferencias e medidas contra a pobreza e a exclusión social das diferentes administracións, a taxa de pobreza alcanzaría o 25,0 % da poboación galega un 28,9% mais (5,6 puntos). 675.000 persoas en total, 152.000 máis.**

Pode concluírse, por tanto, que **as pensións en Galicia teñen un importante efecto redutor da pobreza.** Dende logo na comparación coa situación estatal, donde se non houbera ningún tipo de transferencias a poboación pobre aumentaría un 110,9% (22,4 puntos). Se non se teñen en conta as pensións, a pobreza aumentaría nun 29,7% (6 puntos).

Efecto das transferencias na pobreza en España



* (excepto xubilación e supervivencia)

** (incluso xubilación e supervivencia)


Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

A análise do esforzo orzamentario das diferentes administracións públicas nos últimos exercicios permite alertar de que **a ambición do mesmo, clave para reducir o impacto social da pandemia está claramente a diminuír**. Non tanto no impacto das pensións de xubilación e supervivencia como no resto de transferencias directas e indirectas de loita contra a pobreza e a exclusión social.

Así, se no 2021 e 2022 as diferentes pensións permitiron reducir 22,2 puntos a taxa de pobreza en Galicia, cunha lixeira redución dun 21,6 no 2023. O impacto do resto de medidas estatais, autonómicas e locais reduciuse practicamente á metade: 10,4 puntos no 2021, 8,4 no 2022 e 5,6 no 2023. No ultimo ano e por primeira vez menos que no conxunto do estado (6 puntos).

Unha negativa tendencia ao menor compromiso orzamentario que se repite no conxunto do estado, onde no 2021, 2022 e 2023 as diferentes pensións permitiron reducir 16,7, 16,6 e 16,4 puntos a taxa de pobreza en España, mentres que o impacto do resto de medidas estatais, autonómicas e locais diminuía progresivamente: 9,5 puntos no 2021, 7,5 no 2022 e 6 no 2023.

Efecto das transferencias na pobreza severa en Galicia



*(excepto xubilación e supervivencia)

** (incluso xubilación e supervivencia)


Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

A súa vez, **en Galicia a poboación en pobreza severa crecería ata o 35,0 % se non houbera transferencias de ningún tipo** e ata o 12,8% se non se teñen en conta as pensións de xubilación e supervivencia.

Hai que resaltar que as transferencias teñen un maior impacto na pobreza severa que na pobreza relativa.

Se comparamos os datos con anos anteriores, pode observarse que **este ano as transferencias reducen menos a pobreza que o ano anterior**. No 2023, reduce un 28,9%, mentres que o ano anterior reduciu un 46,7%.

Efecto das transferencias na renda media por unidade de consumo en Galicia



*(excepto xubilación e supervivencia)

** (incluso xubilación e supervivencia)

Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

O gráfico anterior representa o **impacto da acción do Estado nos ingresos dos fogares**. Así, se desaparecesen por completo estas transferencias, a renda media por unidade de consumo, reduciríase en Galicia ata os 12.865 euros, é dicir, decrecería un 32,8% (6.287 €). Si so se mantivesen as pensións por xubilación e supervivencia, esta renda media caería 1.382 euros (un 7,2 %), ata os 17.770 euros de media por unidade de consumo.

Por último, se analizamos por deciles o **impacto das transferencias na renda por unidade de consumo, apréciase como os estratos máis vulnerables son os que verían mais reducidos os seus ingresos**.

Galicia					
Efectos das transferencias na renda por u.c. por deciles					
Renda media	2008	2015	2021	2022	2023
D1-D2	6.027	4.879	5.895	6.874	7.513
D3-D4-D5-D6-D7	12.974	12.510	15.071	15.987	17.233
D8-D9-10	26.617	26.719	28.969	30.377	32.193
Renda media antes de transferencias*					
D1-D2	5.121	3.748	4.313	5.152	5.896
D3-D4-D5-D6-D7	11.893	11.276	13.228	14.425	16.098
D8-D9-10	25.294	24.932	26.877	28.583	30.437
Renda media sen ningunha transferencia**					
D1-D2	3.182	2.036	2.549	2.691	2.911
D3-D4-D5-D6-D7	9.132	7.363	8.666	10.044	11.487
D8-D9-10	21.952	19.548	20.361	22.187	23.429

* (excepto xubilación e supervivencia)

** (incluso xubilación e supervivencia)

Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Ao tomar como exemplo os deciles con ingresos inferiores ao limiar de pobreza (1 e 2 no caso de Galicia), se non existise ningún tipo de acción redistributiva pública, as súas rendas reduciríanse ata 2.911€, é dicir, **a totalidade de transferencias públicas aumenta en 4.603€ a renda media dos deciles máis baixos (158,1% máis)**.

Nos tres deciles con maiores ingresos, sen embargo, as transferencias públicas (incluso pensións) aumentan a súa renda en 8,764€, o que supón un incremento do 37,4%.


A pesares de que o incremento é proporcionalmente máis elevado no grupo máis pobre, non pode deixar de notarse que **a inxección de renda por unidade de consumo nos tres deciles con maiores ingresos é 1,9 veces máis elevada que nos deciles con menos ingresos**.

ACCESO Á VIVENDA E POBREZA

Como se abordou anteriormente neste informe e no do ano anterior, e como sinalan de xeito continuado a maioría das persoas e familias en pobreza, especialmente a máis severa, continúan as dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible.

A problemática residencial converteuse nun dos principais factores que xeran pobreza, e afecta a unha parte significativa da poboación. Esta situación continúa a ser un dos principais obstáculos para saír da pobreza que viven milleiros de familias galegas.


Neste sentido, o réxime de tenza da vivenda é un factor fundamental para comprender a relación entre vivenda e pobreza. Aínda que en menor medida que a nivel nacional, nos últimos anos obsérvase en Galicia un lento pero progresivo proceso de reconfiguración da estrutura no réxime de tenza. Deste modo, segundo os datos da ECV, **as persoas que residen nunha vivenda en propiedade pasaron de representar o 83,1% en 2008 a ser un 76,0% en 2023**, o que supón que case se duplique a proporción das persoas que viven de alugueiro, pasando dun 8,6% a un 14,6%.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Deste modo, o cambio de tenza da vivenda provoca unha equiparación na contía do gasto destinado a esta. Antes da Gran Recesión, as persoas que pagaban unha hipoteca en Galicia aboaban de media máis (474 euros mensuais en 2008) que aquelas que pagaban un alugueiro (303 euros mensuais en 2008).


Esta fenda reduciuse paulatinamente e, este último ano o desembolso medio por arrendamento (394€) é 23 € menor que a da letra da hipoteca (417 €).



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Non obstante, para complementar estes datos e achegarnos dende ao prezo medio dos alugueiros en Galicia, consultamos outras fontes como o Observatorio da Vivenda de Galicia²³, na que observamos que o prezo medio dos alugueiros en Galicia é moi superior.

Evolución do prezo medio dos alugueiros en Galicia




*Ata setembro de 2024

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos do Observatorio da Vivenda de Galicia

Como se observa no gráfico anterior, nos últimos anos produciuse un progresivo incremento dos prezos do alugueiro, estamos a falar de **subidas na renda de alugueiro de máis de 180€** na última década. Unha cantidade que ten un gran impacto no orzamento xa de por si axustado das persoas e fogares. Non so daqueles en situación de pobreza e exclusión se non tamén daqueles fogares que, aínda non estando en pobreza, están en situación carencia material e social severa. Unha problemática na que é necesario afondar.

Porcentaxe de gasto destinado á vivenda en Galicia




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

En Galicia, tanto se é un alugueiro ou coma unha hipoteca, o gasto medio dedicado á vivenda é inferior á media nacional. En 2023 de media destinábase o 14,2%, cifra menor á rexistrada a nivel nacional (17,6 %) e a máis baixa comparada co resto de rexións.

Porén, se segmentamos a mostra con respecto á porcentaxe de gasto destinado á vivenda seleccionando á poboación en pobreza, obsérvase que en Galicia a porcentaxe de gasto destinado á vivenda supón o 29,8%, é dicir, **a poboación en pobreza gasta máis do dobre en vivenda, do que o fai o conxunto da poboación galega.**

²³ <https://tinyurl.com/29lxtfvyb>

Porcentaxe de gasto destinado á vivenda entre poboación en pobreza en Galicia



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV


Hai que destacar tamén, que este dato mellora con respecto aos anos anteriores e, dende 2021, sufriu un progresivo e lixeiro descenso, o que, con moita prudencia, pode estar a significar certa mellora na porcentaxe dos ingresos que as persoas destinan á vivenda.

Non obstante, e a pesares da relativa mellora nos datos, todo isto, **sinala á vivenda coma un factor de vulnerabilidade**, xa que se trata dunha partida de gasto do fogar practicamente ineludible que absorbe boa parte dos ingresos e que, polo tanto, determina que parte da renda dispoñible pode dedicarse a satisfacer o resto de necesidades básicas do fogar.

Existe, ademais, certo consenso en que este gasto destinado á vivenda, en condicións ideais, debería representar en torno ao 30% da renda dispoñible. Por este motivo, considérase que estes gastos totais supoñen unha carga elevada ou sobre esforzo cando a suma de todos eles representa o 40% ou máis da renda.

En Galicia, o 4,8% da poboación ten gastos en vivenda superiores ao 40% da súa renda dispoñible, un valor, 3,4 puntos menor ao medido a nivel nacional (8,2%) e que no último ano permanece estable.


Poboación con gasto elevado en vivenda en Galicia



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Sen embargo, se de novo se toma soamente á poboación galega que vive baixo o limiar da pobreza, a cifra aumenta considerablemente: **o 22% das persoas pobres en Galicia teñen un gasto elevado en vivenda**, o que supón 2,5 puntos menos que o ano pasado e 9,7 puntos menos que o dato nacional, que é do 31,7%.²⁴


Poboación pobre con gasto elevado en vivenda



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Por outra banda, se analizamos algúns dos elementos de Privación Material e Social Severa que vimos anteriormente, hai que resaltar que, no elemento que se refire **ás persoas que tiveron retrasos no pago dos gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, recibos de gas, comunidade...) nos últimos 12 meses**, eliminando a variable de compras a prazos, o gasto en vivenda segue incrementándose, ata chegar a un 7,5% en 2023, alcanzando a cifra mais elevada de toda a serie histórica, aínda que manténdose moi por debaixo da media nacional.

Porcentaxe de persoas que tiveron retrasos relacionados coa súa vivenda principal




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Destaca tamén o **progresivo aumento das persoas que non poden manter a vivenda a unha temperatura adecuada nos meses de inverno** e, polo tanto; está en situación de pobreza enerxética.

²⁴ Os datos de gasto elevado en vivenda da poboación en pobreza severa non se usan porque a mostra é moi pequena, e a marxe de erro é alta. Non obstante, os datos que podemos obter mediante a ECV mostran que arredor dun 50% da poboación en pobreza severa ten gasto elevado en vivenda.

Nos últimos anos, o incremento dos prezos da enerxía, principalmente luz e gas, unido á menor capacidade económica de moitos fogares e a crise inflacionista, incrementou a vulnerabilidade á pobreza enerxética en moitos fogares, sendo especialmente palpable en Galicia, onde **un 21,6% de galegos e galegas está en situación de pobreza enerxética²⁵ o dato mais elevado de toda a serie histórica e que se sitúa por riba do dato estatal.**


Non pode permitirse manter a vivenda a unha temperatura adecuada



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Pero para complementar os datos da Enquisa de Condicións de Vida do INE, é interesante analizar tamén a Enquisa de Presupostos Familiares do INE²⁶ entre 2016 e 2023 que confirman a tendencia en aumento do esforzo que fan os fogares nos pagos relativos á vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles, que alcanzou o **seu pico mais alto en 2020, e que dende entón continúa unha tendencia descendente.**

Porcentaxe de gasto medio en vivenda sobre o gasto medio total dos fogares



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da Enquisa Presupostos Familiares do INE


Segundo esta mesma enquisa, **os galegos e galegas destinan case o 50% do seu presuposto a vivenda e alimentación**, unha situación agravada pola inflación e o progresivo incremento do custo da vivenda.

²⁵ <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=9972>

²⁶ <https://tinyurl.com/25jxpc2>

Os datos do gasto por grupos de produtos mostran que actualmente os galegos e galegas destinan unha media de 8.846,2€ á vivenda, o que supón un 42,6% máis respecto ao 2006²⁷.

Distribución do gasto dos fogares en Galicia en 2023



Fonte: Elaborado por EAPN a partir da Enquisa de Presupostos Familiares do INE

Se acudimos a outras fontes, como a Enquisa Estrutural a Fogares do IGE, observamos que o **gasto medio mensual dun fogar** en alugueiro da vivenda principal tiña para o ano 2022 a seguinte **distribución segundo o intervalo de ingresos mensuais do fogar**.²⁸

Ata 600€	600,01-1.000€	1.000,01-1.500€	1.500,01-2.000€	2.000,01-2.500€	Máis de 2.500€	Total
302,3	322,9	338,9	370	387,7	459,7	377,7

Fonte: Elaborado por EAPN a partir da Enquisa Estrutural a Fogares (IGE)

Efectivamente, se tomamos como referencia o caso **dun fogar en Galicia con ingresos mensuais de 600€, está gastando un 50,4% da renda dispoñible ao pago do alugueiro** e para un fogar que ingresa 1.000€ o gasto sería dun 32,3% mentres que no outro extremo, para un fogar con ingresos de 2.500€ un alugueiro de 459,7€ representa o 18,4% da súa renda dispoñible.

En conclusión, **parece que algúns dos datos que fan referencia ao gasto medio dos fogares en vivenda melloran lixeiramente**. Non obstante, os fogares en situación de pobreza continúan a facer un maior esforzo no pago da vivenda e estanse a ver especialmente afectados pola subida dos alugueiros dos últimos anos, pois son os fogares en situación de pobreza os que en maior medida residen en vivendas en alugueiro.

²⁷ <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=25143>

²⁸ <https://tinyurl.com/2aaq656l>

RESUMO EXECUTIVO

Este informe forma parte do XIV Informe "O Estado da Pobreza en España 2024" da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-España) que avalía o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, especialmente o ODS 1, que busca reducir á metade a pobreza en todas as súas formas.

O informe, baseado en datos oficiais como a Enquisa de Condicións de Vida 2023 do INE, analiza o risco de pobreza e exclusión social a través do indicador AROPE, que combina tres factores: risco de pobreza, baixa intensidade laboral no fogar e privación material e social severa.

O XIV Informe *O Estado da Pobreza en Galicia 2024* mediante a análise da Enquisa de Condicións de Vida 2023, datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Eurostat e do Instituto Galego de Estatística (IGE), mostra o evidente **impacto da elevada inflación e a suba dos prezos da enerxía e bens de primeira necesidade**, como especialmente a influencia das **enormes dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible** unha cuestión que desenvolvemos no *VIII Informe situación 2024: Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia* que publicamos este ano.

En primeiro lugar, respecto á información recollida na Enquisa de Condicións de Vida (ECV), debe recordarse especificamente que os datos da renda dos fogares refírense ao ano anterior da enquisa, polo que todos os indicadores derivados dos ingresos das persoas refírense ao 2022.

Neste contexto os indicadores de pobreza e desigualdade do informe recollen os resultados do **impacto das crises enerxéticas** derivadas da guerra de Ucraína, e o agravamento pola **crecente inflación**.

Por outro lado, os indicadores de **carencia material e de vivenda corresponden ao 2023** e, polo tanto, si que incorporan os efectos e reflexan a **perda na calidade de vida que se produciu ese ano**. O problema dos distintos períodos de referencia é unha das causas polas que poden observarse certas posibles incongruencias ou resultados contraintuitivos nalgúns indicadores.

A continuación, móstranse os principais resultados e conclusións dos distintos indicadores do informe.

RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN

- No 2023 case **690.000 persoas residentes en Galicia** - o 25,5% da poboación estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE), **50.000 persoas máis que no 2022**.
- Os indicadores, en especial o de pobreza, mantéñense por debaixo dos do conxunto do estado, onde a taxa AROPE aumenta do 26% no 2022 ao 26,5% no 2023.
- Os datos recollen o impacto das crises enerxéticas derivadas da guerra de Ucraína que agravou por entón a crecente inflación. Ademais , os indicadores de carencia material e de vivenda, reflicten a perda na calidade de vida que se produciu no 2023.
- Pese a que en Galicia a situación tiña experimentado unha tímida mellora respecto ao 2015 mantense lonxe do cumprimento do acordado na Axenda 2030, para a cal, **no 2023, tería que haber cerca de 190.000 persoas menos en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social**. Esta desviación non pode achacarse exclusivamente á pandemia, xa que en 2018 se deixou de seguir a senda do comprometido.
- **Empeora a taxa de pobreza feminina e crece a fenda de xénero**. Das case 690.000 persoas que no 2023 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, preto de **305.000 eran homes** (case 17.000 máis, 1,3 puntos) **e pouco máis de 384.000 mulleres** (35.215 máis, 2,4 puntos). **Agudízase a feminización da pobreza**.
- **O risco de pobreza e exclusión infantil e xuvenil aumenta e seguen a ter as taxas máis elevadas por grupo de idade**, o 28,2%, en 2023. O grupo de maiores de 64 anos aumenta lixeiramente a taxa AROPE (24,5, 1,4 puntos mais que o ano anterior) pero continúa a ser o grupo de idade coa taxa máis baixa.
- **Aumenta a taxa de pobreza nos fogares con nenos e nenas, en 2023 o 27,1% está en AROPE** (2,7 puntos máis que en 2022), fronte ao 24,3% que vive sen menores (1,4 puntos máis que no ano anterior). Do que se deduce que, ter fillos, é un factor de empobrecemento para as familias.
- Aumenta **a pobreza das persoas residentes en fogares monoparentais (máis do 80% encabezados por mulleres) ao 52,7%**, un dato máis elevado que o do ano 2022 (49,2%). Esta cifra supón un incremento de 3,5 puntos respecto ao ano anterior e **afecta ao incremento da pobreza infantil e tamén ao incremento da pobreza en fogares con menores**.
- **Nas zonas urbanas e rurais rexistrouse un aumento da taxa AROPE no último ano**. Detéctase unha maior incidencia do indicador AROPE nas zonas rurais (26,7%) que nas urbanas (25%)

RISCO DE POBREZA

- A **taxa de pobreza aumenta e pasa do e pasa do 18% en 2022, ao 19,4% en 2023, máis de 520.000 persoas**, das cales máis de 287.000 son mulleres e 235.000 son homes, o que supón un cambio de tendencia deste indicador tras unha redución da súa diferenza coa taxa de pobreza nacional que segue sendo máis alta (20,2%).

POBREZA SEVERA

- A **taxa de pobreza severa** (con ingresos máximos de 611€ mensuais nun fogar dunha persoa ou 1.283€ no de dous adultos e dous nenos ou nenas) **mantense mais ou menos estable, aumentando lixeiramente do 6,8% ao 7,0% (0,2 puntos máis) unhas 189.000 persoas**, e segue a manterse por debaixo da media estatal (8,3%, 1,3 puntos máis alta). O dato de pobreza severa en Galicia é o sétimo máis baixo das CCAA.

POBREZA E PENSÍONS

- **375.658 pensións de galegas e galegos están por debaixo do limiar da pobreza** (785€ ao mes en 14 pagas), o 48,4% do total. E un 20,2% de pensións están por debaixo do limiar da pobreza severa, un total de 156.767, o que supón unha lixeira redución con respecto ao ano anterior (20,5%).
- En Galicia, **o 48,4% do total de prestacións que reciben as persoas pensionistas atópanse por debaixo do limiar da pobreza**, 11,6 puntos máis que a nivel nacional (36,8%).
- **O 64,0 % das pensións de viuvez**, a inmensa maioría correspondentes a mulleres, teñen un importe inferior ao limiar de pobreza, aumentando do 60,5% ao 64% en 2023. **Diminuíron as pensións por viuvez por debaixo do limiar da pobreza severa do 37,2% ao 36,6% en 2023.**
- **As pensións por debaixo do limiar da pobreza severa diminuíron lixeiramente** pasando do 20,5% en 2022 ao 20,2% en 2023.
- **Grazas ao efecto das pensións, a pobreza redúcese en 8,8 puntos na poboación entre 0 e 64 anos**, é dicir, de non haber pensións en Galicia, habería unhas 175.000 persoas máis en pobreza entre 0 e 64 anos.

BAIXA INTENSIDADE DE TRABALLO NO FOGAR

- **O 7,5% da poboación menor de 65 anos, é dicir, unhas 150.000 persoas residentes en Galicia vivía no 2023 en fogares con baixa intensidade de emprego** (nos que se traballa menos do 20% do seu potencial de emprego). **A cifra supón un importante descenso de 2,0 puntos** respecto ao ano pasado, o que se traduce dunhas 38.000 persoas que deixaron de ser contadas neste indicador. Así, Galicia está entre as rexións nas que máis mellora este indicador.
- **A taxa BITH por sexo no 2023 reduciu considerablemente a fenda de xénero**, o que se debe en gran medida ao descenso do indicador entre as mulleres que pasou dun 10,6% en 2022 a un 7,6% en 2023. Con este dato, **a taxa BITH das**

mulleres equipárase á dos homes (7,4%) pero non evita que estas experimenten un maior aumento da pobreza.

PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA

- **O indicador de Privación Material e Social Severa sitúase no 8,2% da poboación, representando o valor máis alto de toda a serie histórica, e que se traduce en case 230.000 persoas nesa situación en Galicia.**
- **O 55,2% (e arredor dunhas 122.000) persoas que se atopan en carencia material e social severa en Galicia non son pobres**, o dato máis elevado da serie histórica.
- Por sexo, **os datos de Privación Material e Social Severa aumentan considerablemente en ámbolos dous casos respecto ao ano 2022, aínda que, entrando ao detalle, ocorre máis entre as mulleres (2,3 puntos) que entre os homes (1,5 puntos).** Isto mostra unha predominancia superior da taxa feminina (un 9,2%) o que se traduce en 128.000 mulleres en PMSS, mentres que a taxa masculina rexistra un 7,1% (é dicir, arredor duns 92.000 homes en PMSS).
- A PMSS dos fogares con menores é superior á dos fogares sen menores en case todos os anos. En 2023, esta diferenza acentuouse en comparación co ano anterior, **debido ao maior aumento deste indicador nos fogares con menores, que pasou dun 6,9% a un 10,2%.**
- A Privación Material e Social Severa **mantense máis elevada nas áreas urbanas** (incrementouse 1,6 puntos respecto do 2022 ata o 9,3%); **pero crece con maior intensidade nas zonas rurais** (duplicando os datos do ano anterior, chegando ao 5,4%).
- Dentro dos elementos que compoñen o indicador de Privación Material e Social Severa **empeoran 10 dos ítems e melloran 3 deles.** Aumentan as persoas que **non poden permitirse manter a vivenda a unha temperatura axeitada**, que pasaron do 9,6% no 2020 ao 21,6 % no 2023, **tal e como o fan o número de persoas que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días** (que pasou dun 2,1% en 2021 ao 4,5% do último ano).

RENDA MEDIA

- As **rendas experimentaron un forte crecemento respecto ao ano anterior. A renda media por persoa en Galicia incrementouse ata os 13.147€, cun aumento de 795€ con respecto ao 2022** (o que supón un 6,4%, e que se mantén por debaixo da media estatal que en 2023 incrementouse ata os 14.082€, cun aumento de 1.074€, 8,3%). Non obstante, este aumento da renda non se traduciu nun descenso da taxa de pobreza.
- Ao ter en conta a variación do coste da vida e, polo tanto, se actualizan os datos segundo o Índice de Prezos de Consumo (IPC), que foi do 29,6%, queda en evidencia que en termos de 2009 o seu valor real é de 10.144€²⁹. Polo tanto, **o incremento real da renda dende o ano 2008 ata o 2023 en Galicia, sería so de**

²⁹ Renda real= Renda nominal / (1+ taxa de variación do IPC): 10.144 € = 13.147 € / (1+0,296)

662€. Mentres que a nivel estatal, para 2023, a renda media real por persoa incrementouse 129€ (1,2%) dende 2008.

DESIGUALDADE

- A redución da taxa de pobreza e as medidas de apoio á clase media e baixa **permitiron mellorar os indicadores de desigualdade.** O índice de Gini galego baixou lixeiramente, pois dun 28 en 2022 pasou a un 27,4 en 2023, e permaneceu inferior ao índice estatal, en concreto 4,1 puntos. Dende o ano 2015 este dato recorre unha tendencia descendente que lle levou a rexistrar este ano **o valor máis baixo da serie histórico.**
- Non pode deixar de notarse que **a inxección de renda por unidade de consumo nos tres deciles con maiores ingresos é 1,9 veces máis elevada que nos deciles con menos ingresos.**

O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO

- **De non existir ningunha transferencia pública** (Estado, Xunta ou concellos) en Galicia, en 2023 a **situación de pobreza chegaría ao 46,6%** (ampliándose un 140,2%, 17,2 puntos), o que se traduce en 1.258.000 persoas en total, 735.000 mais.
- Por outra parte, **se non se teñen en conta as pensións de xubilación e supervivencia e si as diferentes transferencias e medidas contra a pobreza e a exclusión social das diferentes administracións, a taxa de pobreza alcanzaría o 25,0 %** da poboación galega un 28,9% mais (5,6 puntos). **675.000 persoas en total, 152.000 máis.**
- Se comparamos os datos con anos anteriores, pode observarse que **carenci** Nos últimos tres anos o **impacto de medidas estatais, autonómicas e locais reduciuse practicamente á metade:** 10,4 puntos no 2021, 8,4 no 2022 e 5,6 no 2023, o que da conta dunha **menor ambición política e orzamentaria.**

A EMERXENCIA DA VIVENDA CONTINÚA

- Continúa **a emerxencia residencial** e de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible: **22,0% das persoas en pobreza dedican mais do 40% da súa renda dispoñible a gastos de vivenda.**
- No 2023 **aumentaron lixeiramente os fogares con retrasos no pago de gastos relacionados coa súa vivenda principal, pasando do 7,3% no 2021 ao 7,5%.**
- **Continúan aumentando as persoas que non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada. 19,3 en 2022 ao 21,6% no 2023,** o dato mais elevado de toda a serie histórica.

Informe realizado co financiamento da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través do Convenio 2024 para a Coordinación, optimización dos recursos e sinerxías de actuación das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.



#EstadoDePobreza
#PobrezaGalicia

MÁIS INFORMACIÓN EN:

www.pobreza.gal

www.eapn.es/estadodepobreza/

